



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 7 DE NOVEMBRO DE 2016 núm. 13/16

Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello de Bueu

Data: 7 de novembro de 2016

Hora convocatoria: 20:00 horas

Hora comezo: 20:05 horas

Hora remate: 22:20 horas

Sres. asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Félix Juncal Novas

Concelleiros:

Polo grupo BNG-Asambleas Abertas:

D. Martín Villanueva Pastoriza

D. Juan Carlos Eirea Eiras

D^a Ana Isabel Otero Pastoriza

D^a M^a Teresa López González

D^a Silvia Carballo González

D^a Inmaculada Concepción Rodríguez Días

D. José I. García Cuervo

D. Xosé Leal Fariña (incorpórase ás 20:40 h.)

Polo grupo Partido Popular:

D^a Berta Pérez Hernández

D^a Mercedes del Pilar Otero González

D. Manuel Santos Pires

Polo grupo PSdeG-PSOE:

D. José Manuel Vilas Pastoriza

Polo grupo SON

D. Julio Villanueva González

Secretaria:

D^a Nuria Lobato del Río

Interventor:

D. Marcos Vázquez Campaña

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Bueu, sendo as 20:05 horas do día 7 de novembro de 2016, reúnese o Pleno da Corporación Municipal baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Félix Juncal Novas, co fin de celebrar sesión ordinaria, coa seguinte orde do día que resulta da Resolución da Alcaldía núm. 727/16 de data 2 de novembro de 2016 e notificada os membros da mesma:

-
1. **Acta anterior núm. 12/16 (ordinaria de 03/10/16)**
 2. **Dación conta informes morosidade do Concello de Bueu, do 3º T/16**
 3. **Dación conta informes morosidade do IMD de Bueu, do 3º T/16**
 4. **Aprobación da conta da Conta Xeral do Concello e IMD, exercizo 2015**



5. **Proposta Concelleiro delegado de Facenda relativa á aprobación provisional da modificación das ordenanzas fiscais núm. 01 (IBI), núm. 3 (IVTM), núm. 4 (ICIO) e núm. 12 (Taxa pola expedición documentos administrativos).**
6. **Moción grupo municipal BNG: Oposición á LOMCE e as súas reválidas**
7. **Moción grupo municipal BNG: Apio ás reclamacións dos traballadores do mar.**
8. **Moción grupo municipal BNG: Transferencia da AP-9**
9. **Dación conta dos reparos de legalidade formulados pola Intervención Municipal dende a derradeira sesión ordinaria.**
10. **Dación conta das Resolucións da Alcaldía habidas dende a derradeira sesión ordinaria**
11. **Rogos e preguntas.**

Comprobada a existencia de quórum esixible para a celebración da sesión, polo Sr. Alcalde declárase aberta a mesma; xustificando a ausencia dos Concelleiros do seu grupo por diferentes motivos ou razóns, todas elas de carácter persoal, e algún Concelleiro se incorporará ao longo da sesión, por ter un acto oficial en Pontevedra.

Pide desculpa ós grupos municipais por teres que modificar a data de celebración da sesión, por problemas de notificación da convocatoria en prazo e forma; desculpa que xa foi trasladada en Xunta de Voceiros, pero quere que quede recollido na acta da sesión.

- **Sr. Villanueva González (SON):**

Pide que se recolla tamén que non estivo presente na Xunta de Voceiros, non importándolle o traslado da sesión ao día de hoxe, pero facer unha Comisión Informativa o xoves rematando máis aló das 13 h., e logo darlle á Policía Local ou a quen teña que trasladar a convocatoria pola tarde, non hai tempo material para que o xoves teñamos os cinco integrantes e resto dos Concelleiros tempo a recibila; polo cal prego que as comisións sexan un pouco antes, se en vez do xoves ou mércores, fosen o luns, parecendo que estamos a facer todo a última hora, no último minuto. Así os grupos da oposición non podemos ter tempo material para examinar os expedientes; porque si me convocan o venres, a ver como acudo ó Concello a mirar o pleno para o luns. Por lei estaría ben, pero quero darlle un tirón de orellas ós convocantes das Comisións, porque non custaba nada facelas unha semana antes.

- **Sr. Alcalde:**

Aclarar que hai que ter en conta que nos coinciden as convocatorias cun festivo polo medio, que foi o Día de Todos os Santos (1º de novembro), e que a efectos do cómputo dos prazos administrativos os sábados xa non son hábiles, e polo que dificultan tanto as convocatorias das Comisións Informativas.

Días atrás se éxpúxose e valoramos inicialmente a posibilidade de modificar o réxime de sesións, incluso non soamente das Comisións Informativas (facer unha reestruturación, redundando todas nunha soa, para que sexa moito máis operativo para todo), algo que xa falaremos con tranquilidade, como así tamén a data de celebración das sesións plenarias, porque igual o luns xa non é o día máis adecuado unha vez que os sábados deixaron de ser días hábiles. Será un debate que teremos proximamente para acadar se é posible unha decisión consensuada.

1. ACTA ANTERIOR NÚM. 12/16 (ORDINARIA DE 3 DE OUTUBRO DE 2016)

Pola Presidencia dáse conta do borrador da acta núm. 12/16 da sesión ordinaria da corporación municipal, correspondente ao mes de outubro, celebrada o pasado 03 de outubro de 2016.

Declarado aberto o debate e non producíndose ningunha intervención, o Sr. Alcalde somete



a votación ordinaria, nominal e a man alzada a aprobación da acta da sesión anterior correspondente (acta núm. 12/16), correspondente á sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación o día 3 de outubro de 2016, co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

- ✓ Votos a favor: 13 (08 dos Concelleiros presentes do G.P.M. do BNG, 3 do G.P.M. do PP, 1 do G.P.M. do PSdeG-PSOE e 1 do representante do G.P.M. de SON)
- ✓ Votos en contra: 0
- ✓ Abstencións: 0.

En consecuencia, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda prestar aprobación á acta núm. 12/16 correspondente á sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación o día 3 de outubro de 2016.

2. DACIÓN CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE DO CONCELLO CORRESPONDENTE Ó 3º T/16

Polo Sr. Alcalde dáse conta do informe de morosidade do Concello relativo ao 3º trimestre do ano 2016 suscrito polo Interventor e Tesoureiro do concello de data 26/10/16, emitido en cumprimento da lei 15/2010 de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais que conteñen a relación de pagos realizados, os intereses de demora pagados, as facturas pendentes de pago e as pendentes de recoñecemento de obriga no 3º trimestre do ano 2016.

Non facendo uso da palabra ningún dos Concelleiros asistentes á sesión, polo Sr. Alcalde declárase terse coñecemento polo Pleno da corporación municipal do informe de morosidade do concello relativos ao 3º trimestre do ano 2016 suscrito polo Interventor e Tesoureiro do Concello con data 26/10/16.

3. DACIÓN CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE DO IMD DE BUEU, CORRESPONDENTE Ó 3º T/16

Polo Sr. Alcalde dáse conta do informe de morosidade do Instituto Municipal de Deportes de Bueu, relativo ao 3º trimestre do ano 2016 suscrito polo Interventor e Tesoureiro do concello de data 26/10/16, emitido en cumprimento da lei 15/2010 de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais que conteñen a relación de pagos realizados, os intereses de demora pagados, as facturas pendentes de pago e as pendentes de recoñecemento de obriga no 3º trimestre do ano 2016.

Non facendo uso da palabra ningún dos Concelleiros asistentes á sesión, polo Sr. Alcalde declárase terse coñecemento polo Pleno da corporación municipal do informe de morosidade do Instituto Municipal de Deportes de Bueu, relativo ao 3º trimestre do ano 2016 suscrito polo Interventor e Tesoureiro do Concello con data 26/10/16.

4. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO E DO IMD, EXERCIZO 2015

Pola Alcaldía-Presidencia procédese á lectura do ditame favorable da Comisión Informativa da Facenda e Especial de Contas, de data 02/11/16, relativo á proposta de alcaldía de 25.10.2016 sobre o asunto de referencia que literalmente di:

“En sesión da Comisión Especial de Contas que tivo lugar o día 15 de setembro de 2016 dictaminouse favorablemente a Conta Xeral do exercicio 2015 do Concello de Bueu e do Instituto Municipal de Deportes.

Posteriormente remitiuse ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, procedéndose á publicación do informe favorable da Comisión respecto á Conta Xeral o día 20 de setembro de



2016, e de acordo co disposto no artigo 212.3 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, sométese a información pública por prazo de 15 días durante os cales, e oito máis, os interesados poden presentar reclamacións, reparos e observacións. O prazo rematou o día 18 de outubro de 2016. Rematado o prazo anterior, o funcionario do rexistro emitiu informe conforme non consta no rexistro da corporación a presentación de reclamacións, reparos ou observacións. Vistos os antecedentes esta Alcaldía propón á Comisión Especial de Contas informar favorablemente a Conta Xeral do exercicio 2015 do Concello de Bueu e do Instituto Municipal de Deportes.”

De seguido, pola Presidencia ábrese unha quenda de intervencións:

• **Sr. Villanueva González (SON):**

Estivo mirando hoxe a Conta Xeral e foi atendido de forma correcta polo Concelleiro en todo o que está na súa man, e preguntou polo informe de Intervención e tiña pensado votar a favor, porque en realidade do que está feito, dando conta dos ingresos e gastos que houbo, non habendo forma de cambiala, pero quere facer sobre todo un referente a que non había informe de Intervención no expediente que se lles pasou, preguntándolle á Sra. Secretaria por el e no topou e chamou a Intervención que lle indicou que si está nunha páxina entre a Conta Xeral do Concello e a do IMD, e simplemente aparece os reparos de Intervención durante todo o ano a esa Conta.

Quere preguntar en que se diferencia un “reparo” e cando pon “desfavorable”, entendendo que un reparo sempre é desfavorable, pero igual ten unha connotación política, ética, moral ou pública ou por lei distinto de que poña “desfavorable” a que poña soamente “reparo”.

Hai un montón deles e no 99,90% estou a favor do gasto, xa que foron inversións que eu faría tamén e foron boas para o pobo, pero voume a abster na votación, logo de que se me conteste a poder ser por parte de Intervención que foi quen pon “reparos” e “informe desfavorable”.

Anuncia a súa abstención porque no informe, non de Intervención sobre a Conta Xeral, pero si no da liquidación dos orzamentos municipais do 2015, hai algunha cousa que non cadra, está fora do que é a Lei, por exemplo a morosidade que está en 84,46 días e máis outras cousas que supón sexan imposibles de facer por parte do goberno, pero por estas cuestións e non ter informe de Intervención vaise abster.

• **Sr. Interventor:**

O informe de reparo deriva dun recoñecemento de obrigas (ADO ou fase O). Os informes desfavorables van en fases distintas, como pode ser a fase de autorización de gasto, expediente de modificación de créditos e modificacións de contratos que conlevan unha fase de autorización.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria, nominal e a man alzada a Conta Xeral do Concello e IMD do exercizo de 2015 co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

- ✓ Votos a favor: 08 dos Concelleiros presentes do G.P.M. do BNG
- ✓ Votos en contra: 0
- ✓ Abstencións: 05, dos que 03 corresponden aos concelleiros do G.P.M do PP, 01 ao concelleiro do G.P.M de PSdeG-PSOE e 01 ao concelleiro do G.P.M de SON (1)

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por maioría simple de votos dos membros presentes, acorda prestar aprobación á Conta Xeral do Concello e do IMD do



exercizo 2015.

5. PROPOSTA CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA RELATIVA Á APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS NÚM. 01 (IBI), NÚM. 3 (IVTM), NÚM. 4 (ICIO) E NÚM. 12 (TAXA POLA EXPEDICIÓN DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS).

Pola Alcaldía-Presidencia procédese a dar lectura do resultado da votación do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, de data 02/11/16, relativo á proposta de alcaldía de 25.10.2016 sobre o asunto de referencia que literalmente di:

“O Pleno da Corporación Municipal deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 17 de setembro de 2015, tratou diversas cuestións relativas ás Mocións do Grupo Municipal Popular posteriormente enmendada de consenso co Grupo Municipal Socialista relativas á modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Asimesmo, o grupo de goberno ven traballando nalgunhas modificacións adicionais das Ordenanzas fiscais de cara a introducir certos beneficios fiscais nas seguintes figuras impositivas: O imposto de bens inmobles (I.B.I.), o imposto sobre vehículos de tracción mecánica (I.V.T.M.) no imposto sobre construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.) e na ordenanza fiscal nº 12 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos

Así, no imposto de bens inmobles (I.B.I.), propónse a modificación do artigo 3 da ordenanza para a inclusión dunha bonificación obrigatoria do 95 por 100 da cota íntegra dos bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra. Propónse tamén a inclusión dunha bonificación potestativa do 90 por 100 da cota íntegra do imposto a favor daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa. Asemade propónse a modificación do artigo 2 da ordenanza mediante a eliminación do asterisco que figura e da mención ó Real Decreto Lei 20/2011 e ós tipos de gravame do 0,5% e 0,6%.

No imposto sobre vehículos de tracción mecánica (I.V.T.M.), propónse a modificación do artigo 4.5 da ordenanza para darlle carácter indefinido á bonificación do 75% ós vehículos en función da clase de carburante, das características dos motores dos vehículos e a súa incidencia no medio ambiente.

No imposto sobre construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.), propónse a modificación da ordenanza mediante un novo artigo 4 bis coa introducción dunha bonificación do 95% na cota do imposto para as construcións, instalacións e obras realizadas sobre edificios existentes, que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” por circunstancias culturais e histórico artísticas ó estaren incluídas no “Catálogo de bens culturais, naturais e paisaxísticos” que se inclúe dentro do documento de aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Finalmente, na ordenanza fiscal nº 12 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos, compre introducir modificacións no seu Artigo 5. Cota tributaria, por canto existen certos documentos e actuacións administrativas, que de cara á entrada en vigor da; Lei 11/2007, Lei de acceso electrónico dos cidadáns ós Servizos Públicos, Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Ley 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Van conlevar un novo procedemento de emisión, moito máis áxil e desenvolver e facilitar unha relación máis fluida cos cidadáns, ditas modificacións son a derogación dos importes pola emisión de certificados , pola dilixencia de cotexo de documentos e máis pola realización de fotocopias.

Consonte ó anterior é intención do equipo de goberno desta Corporación someter á aprobación provisional por parte do Pleno dun novo texto que deroga as anteriores ordenanzas fiscais nº 1, nº 3 , nº 4 e nº 12 mediante a adopción en Pleno dos seguintes acordos:

Primeiro: *Aprobar provisionalmente o novo articulado das ordenanzas fiscais nº 1 reguladora do imposto sobre bens inmobles, nº 3 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica e nº 4 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, nº 12*



reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos; textos que quedarían como segue:

ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Artigo 1. Natureza e fundamento.

O imposto sobre bens inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos no artigo 60 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

De conformidade co disposto nos artigos 15.2, 59.1 e 72 da citada norma a ordenación do imposto sobre bens inmobles rexeráse polo disposto no Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais en concordancia co disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Artigo 2. Tipo de gravame. Recargo por inmobles urbanos de uso residencial desocupados con carácter permanente.

Os tipos de gravame aplicables no Concello de Bueu quedan fixados nos seguintes termos:

- ✓ O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será o 0,45 %
- ✓ O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será o 0,3 %.
- ✓ O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será o 0,715 %.

Tratándose de inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente, por cumprir as condicións que se determinen regulamentariamente, esixirase un recargo sobre a cota líquida do imposto do 50 %. O recargo devengarase o 31 de decembro e liquidarase anualmente polo Concello, unha vez contrastada a desocupación do inmovible, xuntamente co acto administrativo polo que aquela sexa declarada.

Artigo 3. Bonificacións.

Terán dereito a unha bonificación do 75 % na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a ésta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado. O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior a terminación das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poda exceder de tres períodos impositivos.

Terán dereito a unha bonificación do 50 % na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme á normativa da Comunidade Autónoma. Dita bonificación concederáse a petición do interesado e poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e surtirá efectos, no seu caso, desde o período impositivo seguinte aquel en que se solicite. Unha vez esgotada a bonificación do 50 %, estas vivendas gozarán durante tres exercicios mais dunha bonificación do 50 % na cota íntegra.

Terán dereito a unha bonificación do 95 % na cota íntegra os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

Os suxeitos pasivos, -pai, nai ou titor- que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación do 90% na cota íntegra do imposto dos inmobles de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual e na que estean empadroados

Para a aplicación da bonificación será requisito imprescindible a súa solicitude polo interesado, que deberá acreditar:

- a) O empadramento na vivenda obxecto de solicitude dos membros da unidade familiar. O Concello constatará de oficio o empadramento dos membros da unidade familiar no inmovible obxecto da solicitude.
- b) A condición e categoría de familia numerosa por medio de título oficial vixente.



c) A suma dos importes das bases impositibles xerais dos membros da unidade familiar, no exercicio fiscal anterior, deberá ser igual ou inferior “per cápita” a 6.000 €. As bases impositibles xerais “per cápita” calcularánse dividindo a suma dos importes das bases impositibles xerais dos membros da unidade familiar entre o número de integrantes da mesma. No caso dalgún integrante cun grado de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se foran dúas (2) persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

d) Esta bonificación concederase para cada exercicio, debendo solicitala, con periodicidade anual, os suxeitos pasivos ata o 31 de xaneiro do ano no que deba surtir efectos, e aportando os seguintes documentos:

- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba surtir efectos a bonificación ou copia compulsada
- Certificado de discapacidade se é o caso ou copia compulsada.
- Declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do ano anterior ó da solicitude da bonificación. De non ter a obriga de realizala, certificación da A.E.A.T. acreditativa do devandito extremo, ou copia compulsada da devandita documentación

Cada ano e con anterioridade 31 de xaneiro, deberá comunicarse ao Concello, o mantemento das condicións esixidas para a devandita bonificación, xunto con copia dos xustificantes necesarios. A falta de dita comunicación suporá a perda para ese período impositivo do beneficio fiscal. Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por titular.

No caso de que fose procedente máis dun beneficio fiscal na cota deste imposto, aplicarase só o de maior contía.

Artigo 3 bis.Exencións.

Ademáis dos inmobles previstos nos apartados 1 e 2 do artigo 62 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, gozarán de exención os inmobles urbanos nos que resulte unha cota líquida inferior a 6€ así como o conxunto de inmobles rústicos dun mesmo suxeito pasivo nos que a súa cota agrupada sexa inferior a 6€.

Artigo 4. Infraccións e sancións.

No relativo á cualificacións de Infraccións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello e publicada no Boletín Oficial da Provincia, ó día 1 de Xaneiro do 2017 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Artigo 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO

O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo establecido con carácter obrigatorio e regulado nos artigos 92 a 99, ambos inclusive, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE

1. Este imposto grava a titularidade de vehículos de tracción mecánica, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

2. Considérase vehículo apto para a circulación o que fose matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non causen baixa nos mesmos. Aos efectos deste imposto tamén se consideran aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrículas turísticas.

3. Non están suxeitos a este imposto:



a) Os vehículos que, sendo dados de baixa nos Rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas aos desta natureza.

b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cuxa carga útil non sexa superior a 750 quilogramos.

Artigo 3.- SUXEITO PASIVO

- Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, a cuxo nome conste o vehículo no permiso de circulación.

Artigo 4.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

1. As exencións no imposto sobre vehículos de tracción mecánica son as reguladas no artigo 93.1 do TRLRFL.

2. Para poder aplicar as exencións que recollen os parágrafos e) primeiro parágrafo e g) do artigo 93.1, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do seu beneficio. Declarada a exención pola Administración municipal, expedirase un documento que acredite a súa concesión. As exencións fornecerán efectos desde o período impositivo seguinte a aquel no que se soliciten sempre que, previamente, reúnan as condicións e acrediten ante o Concello os requisitos esixidos para o seu outorgamento.

En relación coa exención prevista no segundo parágrafo do apartado e) anterior pola cal están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, esta exención aplicarase en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte. O interesado deberá aportar o certificado de minusvalía emitido polo órgano competente e xustificar o destino presentando unha declaración na que se especifique que o vehículo será conducido pola persoa con discapacidade ou ben será destinado o seu transporte.

3. Terán unha bonificación do 100 por 100 da cota do imposto os vehículos catalogados como "históricos" polo organismo competente.

4. Os vehículos automóbiles das clases: turismo, camións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses, autocares, motocicletas e ciclomotores, gozarán, nos termos que se dispoñen no seguinte apartado, dunha bonificación na cota do imposto, en función da clase de carburante utilizado, das características do motor e da súa incidencia no medio ambiente, sempre que cumpran as condicións e requisitos que se especifican a continuación:

a) Que se trate de vehículos que non sexan de combustión interna (eléctricos, de pila de combustible ou de emisións directas nulas), vehículos híbridos enchufables PHEV (Plug in Hybrid Vehicle) ou vehículos eléctricos de rango estendido.

b) Que se trate de vehículos que, segundo a súa homologación de fábrica, utilicen o gas ou o bioetanol ou sexan de tecnoloxía híbrida con dispositivos catalizadores, axeitado á súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes.

5. De acordo co preceptuado no apartado anterior, os vehículos ós que se refire o mesmo gozarán, indefinidamente, desde a data da súa primeira matriculación dunha bonificación na cota do imposto do 75%.

6. A bonificación á que se refire a letra b) do apartado 4 será aplicable aos vehículos que se adapten para a utilización do gas como combustible, cando este fose distinto do que lle corresponde segundo a súa homologación de fábrica, previo cumprimento da Inspección Técnica de Vehículos (ITV) prevista ao efecto na lexislación vixente.

O dereito ás bonificacións reguladas neste apartado, contarase desde o período impositivo seguinte a aquel no que se produza a adaptación do vehículo.

7. As bonificacións previstas nos apartados 3 e 4 anteriores terán carácter rogado e fornecerán efectos desde o período impositivo seguinte a aquel no que se soliciten sempre que, previamente, reúnan as condicións e acrediten ante o Concello o cumprimento dos requisitos



esixidos para o seu outorgamento. Ditas bonificacións poderán solicitarse en calquera momento anterior á terminación dos períodos de duración das mesmas a que se refire o apartado 5 do presente artigo.

No entanto, a bonificación regulada no apartado 4 , poderá fornecer efectos no exercicio corrente, respecto dos vehículos que sexan alta no tributo como consecuencia da súa matriculación e autorización para circular, sempre que a solicitude se formule no momento da presentación-ingreso da correspondente autoliquidación, sen prexuízo da oportuna comprobación pola Administración municipal.

Para poder gozar da bonificación prevista no apartado 3 do presente artigo, os interesados deberán presentar a oportuna solicitude adxuntando a documentación acreditativa da catalogación do vehículo como histórico dacordo co Real decreto 1247/1995, de 14 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de vehículos históricos, e na normativa autonómica de aplicación, no caso de Galicia a Orde do 17 de xuño de 1996, pola que se establecen os requisitos para a acreditación de laboratorios oficiais de vehículos históricos e a catalogación dos citados vehículos.

Para poder gozar da bonificación prevista no apartado 4 do presente artigo, os interesados deberán instar a súa concesión presentado a oportuna solicitude adxuntando a ficha técnica do vehículo e a documentación acreditativa dos requisitos. As solicitudes, coa documentación adxunta, serán informadas polo Departamento municipal de urbanismo, medio ambiente e actividade de supervisión que, valorando que reúnan os requisitos esixidos, formularán o informe sobre a súa concesión. No seu defecto poderá ser solicitado informe pericial de parte que xustifique a concurrencia dos requisitos técnicos necesarios para a inclusión do vehículo nos supostos de bonificación previstos no citado apartado 4.

Artigo 5.- COTA TRIBUTARIA.

1. As diferentes cotas do imposto correspondentes a cada unha das categorías de vehículos serán o resultado de multiplicar as tarifas básicas establecidas no artigo 95 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polos coeficientes que se detallan a continuación:

potencia e clase de vehículo	tarifas básicas	coeficiente	cota
A) TURISMOS			
de menos de 8 cabalos fiscais	12,62	1,2	15,14
de 8 hasta 11,99 cabalos fiscais	34,04	1,2	40,85
de 12 hasta 15,99 cabalos fiscais	71,94	1,2	86,33
de 16 hasta 19,99 cabalos fiscais	89,61	1,2	107,53
de 20 cabalos fiscais en adiante	112,00	1,2	134,40
B) AUTOBUSES			
de menos de 21 prazas	83,30	1,2	99,96
de 21 a 50 prazas	118,64	1,2	142,37
de mais de 50 prazas	148,30	1,2	177,96
C) CAMIÓN			
de menos de 1000 kg de carga útil	42,28	1,2	50,74
de 1000 a 2999 kg de carga útil	83,30	1,2	99,96
de mais de 2999 kg de carga útil	118,64	1,2	142,37
de mais de 9999 kg de carga útil	148,30	1,2	177,96
D) TRACTORES			
de menos de 16 cabalos fiscais	17,67	1,2	21,20
de 16 a 25 cabalos fiscais	27,77	1,2	33,32
de mais de 25 cabalos fiscais	83,30	1,2	99,96
E) REMOLQUES E SEMIREMOLQUES			
de menos de 1000 e mais de 750 kg	17,67	1,2	21,20
de 1000 a 2999 kg de carga útil	27,77	1,2	33,32
de mas de 2999 kg de carga útil	83,30	1,2	99,96
F) OUTROS VEHÍCULOS			
ciclomotores	4,42	1,2	5,30
motocicletas hasta 125 cc.	4,42	1,2	5,30
motocicletas de mas de 125 hasta 250 cc.	7,57	1,2	9,08
motocicletas de mas de 250 hasta 500 cc.	15,15	1,2	18,18
motocicletas de mas de 500 hasta 1000 cc	30,29	1,2	36,35
motocicletas de mas de 1000 cc.	60,58	1,2	72,70



2. Aos efectos deste imposto e para aplicar as tarifas anteriores estarase ó disposto no Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos.

Artigo 6.- PERÍODO IMPOSITIVO E DEVINDICACIÓN

1. O período impositivo coincide co ano natural, salvo no suposto de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso, o período impositivo comezará o día no que se produza dita adquisición.
2. O imposto devindicarase o primeiro día do período impositivo.
3. A cota do imposto ratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición, baixa definitiva ou baixa temporal por subtracción ou roubo do vehículo desde o momento no que se produza dita baixa temporal no Rexistro público correspondente.
4. No suposto de transferencia ou cambio de domicilio con transcendencia tributaria a cota será irreductible e o obrigado ao pago do imposto será quen figure como titular do vehículo no permiso de circulación o día primeiro de xaneiro e nos casos de primeira adquisición o día en que se produza dita adquisición.

Artigo 7. XESTIÓN E COBRO DO TRIBUTO

1. A xestión, liquidación, inspección e recadación do imposto, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria, corresponde ao Concello de Bueu cando o domicilio que consta no permiso de circulación do vehículo pertenza ao seu termo municipal.
2. O imposto xestionarase en réxime de autoliquidación cando se trate de vehículos que sexan alta no tributo como consecuencia da súa matriculación e autorización para circular, así como cando se produza a súa rehabilitación e novas autorizacións para circular nos casos en que o vehículo causase baixa temporal ou definitiva no Rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico. Respecto dos expresados vehículos, o suxeito pasivo deberá practicar, no impreso habilitado ao efecto pola Administración municipal, a autoliquidación do imposto con carácter previo á inscrición do vehículo no Rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico. Á citada autoliquidación uniráselle:

- Fotocopia da tarxeta de características técnicas do vehículo ou certificado de fabricación do mesmo.
- Fotocopia do D.N.I./N.I.F. ou C.I.F. do titular do vehículo.

A autoliquidación terá carácter provisional ata que se comprobe pola Administración municipal que a mesma se efectuou mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do imposto.

3. Os titulares de vehículos cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que alteren a súa clasificación a efectos deste imposto, así como nos casos de transferencia, cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo ou baixa de devanditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pago do último recibo presentado ao cobro do imposto, sen prexuízo de que sexa esixible por vía de xestión e inspección o pago de tódalas débedas por devandito concepto devindicadas, liquidadas, presentado ao cobro e non prescritas.
4. Cando se trate de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación en exercicios anteriores, o prazo para o pago das cotas anuais do imposto efectuarase durante o prazo que se anunciase publicamente. Neste caso, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante expedición de recibos, en base a un padrón ou matrícula anual no que figurarán todos os vehículos suxeitos ao imposto. O padrón ou matrícula do imposto expoñerase ao público por prazo de quince días, para que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. Dita exposición ao público e a indicación do prazo de pago das cotas comunicarase mediante inserción de anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.
5. O pago dos recibos realizarase nas entidades financeiras autorizadas polo Concello de Bueu.

Artigo 8. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS



En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas distintas cualificacións, así como ás sancións que ás mesmas correspondan, estarase ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral, na Lei Xeral Tributaria e na restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

A presente Ordenanza Fiscal deroga, dende a súa entrada en vigor, o texto vixente ata ese momento que fora publicado no B.O.P. Nº 26 de data 7/02/2014.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello e publicada no Boletín Oficial da Provincia, ó día 1 de Xaneiro do 2017 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

ORDENANZA FISCAL Nº 4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓN E OBRAS.

Artigo 1. Natureza e fundamento.

O imposto sobre construcións, instalacións e obras é un tributo indirecto establecido con carácter de potestativo no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en adiante).

De conformidade co disposto nos artigos 15.1, 59.2 a ordenación do imposto sobre construcións, instalacións e obras mecánica rexeráse polo disposto nos artigos 100 a 103 do TRLRFL, polas normas que os complementen e desenvolvan, e pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2. Feito imponible.

1. Constitue o feito imponible a realización de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivécese ou non dita licenza, ou para a que se esixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control lle corresponda ó Concello da imposición.

2. As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en todos aqueles actos suxeitos a licenza segundo o previsto na Lei do Solo e Regulamento de disciplina urbanística, en particular:

- Obras de nova pranta e ampliación de construcións existentes.
- Obras de modificación ou de reforma tanto as que modifiquen a disposición interior como o aspecto exterior.
- As construcións, instalacións e obras realizadas na vía pública por particulares ou polas empresas subministradoras de servizos públicos, comprendendo a título de exemplo a apertura de calcatas, pozos ou zanxas, colocación de postes de soporte, canalizacións, conexións e, en xeral, calquera removemento do pavimento ou aceras, como as necesarias para a reposición, reconstrución ou arranxo dos deterioros que se poideran causar.
- Instalación, reforma ou calquera outra modificación dos soportes publicitarios.
- Peche de solares ou terreos.
- Obras en cemiterios, como construción de panteóns, reformas e colocación de sarcófagos, lápidas e demais atributos, e as de fontanería, sumidoiros e galerías de servizos.
- Obras e instalacións industriais.
- Obras de urbanización.
- Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza urbanística ou a presentación de declaración responsable ou comunicación previa".

Artigo 3. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan donos da construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios dos inmobles sobre os que se realicen aquéles.

A estos efectos, terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou custos que supoña a súa realización.



2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do mesmo os que soliciten as correspondentes licenzas, presenten as declaracións responsables ou comunicacións previas, ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da obriga tributaria satisfeita”.

Artigo 4. Exencións e bonificacións.

1. As exencións e bonificacións no Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras serán as reguladas no artigo 100.2 do TRLRFL.

Artigo 4 bis.- Bonificacións

1.- Gozarán dunha bonificación do 95% na cota do imposto, de conformidade co artigo 103.2 a) do TRLRFL as construcións, instalacións e obras realizadas sobre edificios existentes, que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” por estaren incluídas no “Catálogo de bens culturais, naturais e paisaxísticos” que se inclúe dentro do documento de aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal, na versión que en cada momento estea actualizada.

A declaración de interese ou utilidade municipal corresponderá ao Pleno da Corporación por maioría simple. Para poder gozar da bonificación prevista no apartado anterior os suxeitos pasivos deberán solicitar ao Pleno da Corporación a “declaración de interese ou utilidade municipal”.

A solicitude deberá realizarse conxuntamente coa solicitude de licencia ou presentación da comunicación previa o declaración responsable e irá acompañada de copia do presuposto desglosado das construcións, instalacións ou obras ou daquela parte das mesmas, para as que se solicita a “declaración de especial interese ou utilidade municipal”.

A proposta ó Pleno da corporación de “declaración de interese ou utilidade municipal” contara con informe técnico do departamento de urbanismo en relación á inclusión dentro do Catálogo de bens culturais, naturais e paisaxísticos dos bens nos que se vaian a realizar as construcións, instalacións ou obras para as que se solicita a bonificación.

A declaración de interese ou utilidade municipal aprobada no Pleno quedará automaticamente sen efecto, sen necesidade de novo acordo en contrario, no suposto de que as obras que se realicen non se axusten á licencia concedida , así como no caso de caducidade de licencia. Notificarase ao interesado que a “declaración de interese ou utilidade municipal” queda sen efecto así como a conseguinte bonificación a fin de que no prazo dun mes, aquel presente a correspondente autoliquidación complementaria. Transcorrido este prazo sen que se produza a correspondente autoliquidación, o suxeito pasivo terá incorrido en infracción tributaria.

Artigo 5. Base imponible, cota e devengo.

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendéndose por tal, a estes efectos, o custe de execución material desta. Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, nin tampouco as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio profesional do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o custe de execución material.

2. A base liquidable deste imposto será idéntica á base imponible.

3. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de grave que se establece no 2,7 %.

4. O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se contase coa correspondente licenza ou non se teña presentado a correspondente declaración responsable ou comunicación previa.

Artigo 6. Xestión.

1. O imposto esixírase en réxime de autoliquidación.

2. Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación en impreso habilitado ó efecto pola Administración municipal efectuando o pago, previamente á retirada da licencia



concedida, ou cando se presente a declaración responsable ou comunicación previa en calquera entidade colaboradora autorizada e, en todo caso, dentro do prazo máximo dun mes, contado a partir do momento en que lle fora notificada a concesión da licenza. A autoliquidación presentada terá carácter provisional e, a base impositiva do tributo determinarase en función do orzamento aportado polos interesados, no suposto de que a valoración resultante por aplicación dos módulos mínimos establecidos no anexo desta ordenanza sexa maior, a base impositiva será determinada polos técnicos municipais do departamento de urbanismo, practicándose a oportuna liquidación complementaria pola diferenza que será notificada ó suxeito pasivo.

3. Cando, sin ter solicitado, concedido ou denegado a licenza preceptiva ou presentado a declaración responsable ou comunicación previa, se inicie a construción, instalación ou obra, o Concello practicará unha liquidación provisional a conta, determinándose a base impositiva polos técnicos municipais do departamento de urbanismo de acordo co orzamento presentado polo interesado, por propia iniciativa ou a requerimento do Concello, salvo que a valoración resultante por aplicación dos módulos mínimos establecidos no anexo desta ordenanza sexa maior, en cuio caso, se aplicará ésta.

4. Cando se modifique o proxecto da construción, instalación ou obra e esto supoña un aumento no orzamento, unha vez aceptada a modificación pola Administración municipal os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria pola diferenza entre o orzamento inicial e o modificado nos prazos e cos requisitos e efectos sinalados nos apartados anteriores.

5. Unha vez rematadas as construcións, intalacións e obras, no caso de que o custo real e efectivo das mesmas sexa superior ou inferior ó que serviu de base impositiva nas autoliquidacións anteriores, os suxeitos pasivos presentarán no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á dita finalización, autoliquidación complementaria do tributo, positiva ou negativa, segundo proceda. As autoliquidacións practicaranse en impreso que facilitará o Concello, debendo acompañar fotocopia do D.N.I. ou C.I.F. do suxeito pasivo, así como certificado e orzamento final da obra visado polo Colexio Oficial correspondente. Cando non se aporte esta documentación ou a presentada non sexa completa non podendo deducirse o custo real, a comprobación administrativa efectuarase polos servizos técnicos municipais do departamento de urbanismo."

Artigo 7. Infraccións e sancións.

No relativo á cualificacións de Infraccións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria, e restante normativa que resulte de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

ANEXO

De acordo co establecido no artigo 6 da presente Ordenanza, a base impositiva do I.C.I.O., cando proceda, determinarase mediante a aplicación dos seguintes módulos mínimos

▲ PECHES

		Euros/m.l.
1.1	Sencillos. De malla metálica e postes	24,04
1.2	2. Cón zócalo de fábrica hmáx 0,75 m	
1.2.1	de bloques ou ladrillo , sin revestir e parte superior de malla metálica e postes	42,07
1.2.2	de bloques ou ladrillo , revestida e pintada e parte superior de malla metálica e postes	44,80
1.2.3	de bloques ou ladrillo , revestida e pintada e parte superior de malla metálica e pilastras de fábrica	72,12
1.3	Con zócalo de pedra de hmáx 1,20 m	
1.3.1	De mampostería de canteira e parte superior de malla metálica e	72,12



	<i>postes</i>	
1.3.2	<i>De mampostería de canteira e parte superior de malla metálica e pilastras de pedra rústicas</i>	81,44
1.3.3	<i>De sillería e parte superior de malla metálica e postes</i>	108,59
1.3.4	<i>De sillería e parte superior de malla metálica e pilastras de sillería labrada</i>	135,74
1.4	<i>Peches e muros</i>	Euros/m2
1.4.1	<i>De fábrica, sin revestir</i>	24,04
1.4.2	<i>De fábrica, revestida</i>	48,08
1.4.3	<i>De mampostería de canteira</i>	48,86
1.4.4	<i>De sillería</i>	97,72
1.4.5	<i>De hormigón armado, esp= 0,25 m</i>	48,86
1.4.6	<i>De hormigón armado, esp= 0,50 m</i>	97,72
1.5	<i>Portais</i>	Euros/m.l.
1.5.1.	<i>Descubertos</i>	210,35
1.5.2	<i>Cubertos</i>	300,51

2-REFORMA DE CUBERTAS

2.1	<i>Vivendas</i>	Euros/m2
2.1.1.	<i>Cubrición simple, de tella cerámica</i>	21,03
2.1.2.	<i>Cubrición doble, de tella cerámica curva sobre fibrocemento</i>	28,50
2.1.3.	<i>Formación de estructura de cuberta de madeira, con vigas, cerchas, pontones, correas</i>	44,42
2.1.4	<i>Formación de estructura de cuberta, con tabiquillos de ladrillo e faldóns de tableiro cerámico ou de formigón, sin incluír forxado horizontal de apoio</i>	36,06
2.1.5.	<i>Formación de estructura de cuberta, con faldóns de forxados prefabricados de viguetas e bovedillas.</i>	50,00
2.1.6	<i>Forxado horizontal para soporte de cuberta, con viguetas, bovedillas e vigas o zunchos de H.A.</i>	63,11
2.2.	<i>Galpóns, cobertizos</i>	
2.2.1	<i>Cubrición de fibrocemento</i>	15,02
2.2.2	<i>Cuberta de viguetas prefabricadas e cubrición de fibrocemento</i>	39,07

3-INSTALACIONES

		Euros/Ud
3.1.	<i>Pozo de captación de auga potable</i>	1.051,77
3.1.1	<i>Caseta motor pozo</i>	90,15
3.2	<i>Fosa séptica ou pozo filtrante</i>	1.051,77
3.3	<i>Instalación eléctrica (vivienda 100 m2)</i>	1.873,06
3.4	<i>Instalación fontanería auga fría ou quente(por cada local húmedo)</i>	390,66
3.5	<i>Calentador instantáneo a gas ou termo eléctrico</i>	345,58
3.6	<i>Instalación calefacción por auga (caldeira e radiadores) (vivienda 100 m2)</i>	3.257,49
		Euros/m2
3.7	<i>Cuarto de baño (acondicionamento completo)</i>	450,76
3.8	<i>Baixantes</i>	Euros/m.l.
3.8.1	<i>Baixantes P.V.C.</i>	15,02
3.8.2	<i>Baixante metálica</i>	30,05
3.9	<i>Canalóns</i>	Euros/m.l.
3.9.1	<i>Canalón P.V.C.</i>	9,92
3.9.2	<i>Canalón metálico</i>	24,04



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

3.10	Saneamento	Euros/m.l
3.11	Colectores enterrados	27,04
		Euros/Ud.
3.12	Arquetas	72,12
3.13	Pozos rexistro	300,51

4-REFORMA FACHADAS

4.1	Paredes	Eurso/m2
4.1.1	De mampostería	81,14
4.1.2	De sillería	120,25
4.2	Encintado paredes pedra	7,74
4.3	Repicado e limpeza paredes	5,70
4.4	Pintura exterior	6,01
4.5	Revestimentos	
4.5.1	Enfoscado e pintura	14,25
4.5.2	Plaqueta ou pedra artificial	26,29
4.5.3	Pedra natural esp=3 cm	57,00
4.5.4.	Montero monocapa	17,88
4.6	Carpinterías	
4.6.1	De madeira, aluminio o P.V.C., acristaladas	120,20
		Euros/Ud.
4.6.2	Portas entrada principais	195,44
		Euros/m.l.
4.7	Barandillas	56,34
4.8	Apertura ócos	Euros/m2
4.8.1	En paredes fábrica	30,05
4.8.2	En paredes de pedra	60,10

5-OBRAS ESTRUCTURAIS

		Eurso/m2
5.1	Forxado de viguetas e bovedillas, apoiado en paredes existentes	63,11
5.2	Idem, incluso estrutura propia de pilares e vigas, con parte proporcional de cimentación	103,97

6-OBRAS INTERIORES

		Euros/m2
6.1	Alicatados	21,03
6.2	Pavimentos baldosa cerámico ou gres	30,05
6.3	Pavimentos tarima madeira	36,65
6.4	Tabiques de ladrillo, revestido e pintado	39,07
6.5	Falso teito escaiola	15,02
6.6	Falso teito madeira	22,40
6.7	Impermeabilización terraza (sin incluir pavimentos)	24,04
6.8	Persiana enrollable	37,56
6.9	Pintura interior	4,51
		Euros/Ud
6.10	Porta de paso	150,25

7-MODULOS DE CONSTRUCCION VIVENDAS

		Euros/m2
7.1	Vivenda unifamiliar, de nova construción ou ampliacións, de superficie superior a 200 m2	600,00



7.2	Vivenda unifamiliar, de nova construción ou ampliacións, de superficie inferior a 200 m2	550,00
7.3	En edificio de vivendas colectivas	500,00
7.4	Pranta baixa, sin dividir nin pechar	114,01
7.5	Pranta baixa, sin dividir, pechada	130,30
7.6	Terrazas e balcóns	130,30
7.7	Sótanos	200,00
7.8	Reforma xeral interior sin afectar a estrutura (placas ou cubertas)	240,24
7.9	Reforma xeral interior sin afectar a estrutura nni tabiquería.	231,39
7.10	Reestructuración interior, mantendo fachadas, en edificio de vivenda unifamiliar	340,00
7.11	Reestructuración interior, mantendo fachadas, en edificio de vivenda colectiva	305,39

8-MODULOS DE CONSTRUCCION EN EDIFICACION INDUSTRIAIS E AUXILIARES

		Euros/m2
8.1	Nave industrial (sup construída menor de 1.000 m2)	200,00
8.2	Nave industrial (sup construída maior de 1.000 m2)	180,00
8.3	Garaxes e similares con forxado de teito e cuberta	146,58
8.4	Edificacións auxiliares uso residencial, de construción sencilla	358,00
8.5	Naves agropecuarias	103,67
8.6	Cobertizos sencillos, sin placa de teito ni peches exteriores	69,23
8.7	Cobertizos pechados	100,67

9-ACONDICIONAMIENTO DE LOCAIS EXISTENTES

		Euros/m2
9.1.	Oficinas	200,44
9.2	Comerciais, construción sencilla	172,79
9.3	Comerciais, construción normal	228,08
9.4	Bancarias	473,45
9.5	Bares, restaurantes, cafeterías, construción sencilla	200,44
9.6	Bares, restaurantes, cafeterías, construción normal	314,48
9.7	Disco-Bar; Pubs e similares	314,48
9.8	Discotecas, construción sencilla	314,48
9.9.	Discotecas, construción normal	383,60

10-RAMPAS

		Euros/m.l
10.1	Canos salvacunetas	44,80
		E/m2
10.2	Rampa	15,02

11-VARIOS

11.1	Barbacoa, Asador	Euros/Ud 1.502,53
11.2	Piscina	Euros/m2 132,22
11.3	Pavimentos viais	
11.31	Asfálticos	9,01
11.32	Formigón	12,02
11.33	Beirarrúas	15,02
		Euros/m.l



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

11.4	Bordillos	10,81
------	-----------	-------

12-MOVEMENTOS DE TERRAS E DERRUBOS

		Euros/m2
12.1	Rasanteos nivelación, limpeza e desbroce	4,20
12.1	Excavación en vaciados, ou recheos	3,30
		Euros/m.l
12.2	Apertura de zanxas (0,60x0,30m), para conducións	2,40
		E/m2
12.3	Demolición cubrición	4,80
12.4	Demolición completa cubierta	21,03
12.5	Demolición tabique fábrica	4,80
		Euros/m3
12.6	Demolición muros de formigón	42,07
12.7	Demolición completa de edificio por empuxe de máquina retroexcavadora	9,01

ORDENANZA FISCAL Nº 12 REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.

Artigo 1. Natureza e fundamento.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en adiante), este Concello acorda a imposición e ordeación da TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.

Artigo 2. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da Taxa, a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e os expedientes de que entenda a Administración ou as Autoridades municipais.
2. Para estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediara solicitude expresa do interesado.
3. Non estará suxeita a esta Taxa a tramitación de documentos ou expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole.

Artigo 3. Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos desta Taxa en concepto de contribuintes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou que teñan un interese no que redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4. Responsables tributarios.

1. Serán responsables solidarios das débedas tributarias as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios das débedas tributarias as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.



Artigo 5. Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos expedientes ou documentos a tramitar, de conformidade coas seguintes tarifas:

– Troco titularidade de establecementos	30,00 €.
–	37,40 €
– Licencia Municipal mercadiño e a súa renovación anual	25,00 €.
–	11.23 €
– Bastanteo de poderes	30,00 €.
–	20,00 €.
– Sinal numerada de vado	15,00 €.
– Dereitos de exame para participar en procesos selectivos de provisión definitiva do persoal ó servizo do Concello:	12,00 €.
× Grupo A ou asimilado.	70.00 €
×	30.00 €
× Grupo B ou asimilado.	
×	
× Grupo C ou asimilado.	
×	
× Grupo D ou asimilado.	
–	
– Informes da Policía Local relativos a accidentes de tráfico	
– Informes da Policía Local relativos a intervencións policiais, agás as derivadas de accidentes de circulación	

Artigo 6. Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención ou bonificación algunha na exacción da presente taxa.

Artigo 7. Devengo e período impositivo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos a tributo.
2. Nos casos ós que se refire o artigo 2.2 desta Ordenanza, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provean a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

Artigo 8. Xestión, liquidación e recadación.

1. As taxas reguladas nesta Ordenanza esixiranse en réxime de autoliquidación, as persoas interesadas na tramitación do expediente ou documento que constitua o feito imponible desta taxa, presentarán previamente no Rexistro Xeral a oportuna solicitude, acompañando o xustificante de ter pagada a taxa correspondente, sin cuio requisito non será tramitado o mesmo.
2. Os escritos recibidos polos conductos a que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisoriamente, pero non se lles dará curso sen que se corrixa a deficiencia, para o que se requerirá ó interesado co fin de que, no prazo de 10 días aboe as cotas correspondentes co apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen efectualo, teranse ditos escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.
3. As certificacións ou documentos que expida a Administración Municipal a petición dos xulgados ou tribunais para toda clase de preitos, cando sexan probas propostas a instancia de parte, non se entregarán nin remitiran sen que previamente non se aboara a correspondente cota tributaria.

Artigo 9. Infraccións e sancións.



No relativo á cualificacións de Infraccións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor e será de aplicación, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.-De conformidade có disposto no artigo 17.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o presente acordo provisional, así como o referido texto da Ordenanza Fiscal, exponse ó público no taboleiro de anuncios deste Concello durante o prazo de trinta días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinalo expediente e presentalas reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.-Dita exposición ó público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da Provincia e comezará a contar o seu prazo a partires do día seguinte a aquel no que teña lugar a publicación do correspondente anuncio.

Cuarto.- En caso de non presentarse reclamacións, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do mesmo texto legal, durante o período de exposición pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario."

De seguido, a Presidencia cédelle a palabra ó Concelleiro Delegado de Facenda para que faga unha breve explicación do sentido da proposta.

- **Sr. García Cuervo (BNG):**

En canto á ordenanza núm. 1 que se refire ó IBI, se propón a modificación do artigo 3 da ordenanza, para inclusión dunha bonificación obrigatoria do 95% da cota íntegra dos bens rústicos das Cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra.

Tamén a inclusión dunha bonificación potestativa do 90% da cota íntegra do imposto, a favor daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, cunha serie de condicións.

E tamén a modificación do artigo 2 da ordenanza mediante a eliminación do asterisco que figura e da mención do R.D. Lei 20/2011 nos tipos de gravámen do 0,5 e 0,6.

Con respecto á núm. 3 (imposto sobre vehículos de tracción mecánica), a modificación do art. 4.5 da ordenanza, para darlle carácter indefinido á bonificación do 75% ós vehículos en función da clase do carburante, das características dos motores e a súa incidencia no medio ambiente.

En canto a núm. 4 (imposto sobre construcións, instalacións e obras),se propón a modificación da ordenanza mediante a introdución dun novo artigo 4 bis, incluíndo unha bonificación do 95% na cota do imposto para as construcións, instalacións e obras realizadas sobre edificios existentes que sexan declarados de especial interese ou utilidade municipal por circunstancias culturais, histórico-artísticas ou estar incluídas no catálogo de bens culturais, naturais e paisaxísticos que se inclúen dentro do documento de aprobación inicial do PXOM.

Polo que se refire á núm. 12 (reguladora das taxas por expedición de documentos administrativos), trataríase da derogación da emisión de determinados certificados, cotexo de documentos, realización de fotocopias(...) porque coa entrada en vigor da Lei de Acceso Electrónico dos cidadáns, non ten moito senso que se manteña.

Ao César o que é do César: agás o das taxas, dicir que foi nunha proposta no seu día do



Partido Popular que se aprobou en Pleno, emendada de consenso co grupo socialista, que tamén incluía, en canto a de vehículos, que se eliminase o imposto os de máis de 25 anos, entendendo que non procede, por canto estes vehículos contaminan e probablemente máis que os novos.

De seguido, pola Presidencia ábrese a conseguinte quenda de intervencións:

- **Sr. Santos Pires (PP):**

Como dicía o Sr. Concelleiro na súa intervención: “Ao César o que é do César”. A nosa moción foi anulada na súa integridade, e a que se está a aprobar é a do PSdG-PSOE; logo en teoría a modificación proposta é a do PSdeG-PSOE, porque na nosa era a dos vehículos de máis de 25 anos e non foi aprobada, o que se se aproba realmente é a modificación proposta polo PSOE.

Nun principio preguntar, segundo os datos existentes, a quen lle beneficiaría a bonificación do 95% do art. 3 de Cooperativas Agrarias (...) Sabedes que incidencia ten? Cantas empresas serían?

- **Sr. Alcalde-Presidente:**

O Descoñece

- **Sr. García Cuervo (BNG):**

O Descoñece tamén

- **Sr. Santos Pires (PP):**

Entrarían as Comunidades de Montes? Como fala de Cooperativas Agrarias e de Explotación Comunitaria da Terra (...) Entendo que non sería de aplicación no Concello.

Ao non ter acceso aos informes, pediría se me informase no Pleno porqué no informe de Intervención fálase de que hai que facer un estudo económico por parte de Tesourería, para comprobar que cando facemos unha modificación das taxas, a súa cota non supere o custo da prestación do servizo; hai un informe de Tesourería que di que estamos nun 34% e que iso está salvado, pero Intervención di expresamente: “A proposta do Concelleiro debería ir acompañada da cuantificación económica derivada da adopción das medidas sinaladas por canto suporía unha diminución da recadación municipal que incidiría negativamente na regra do gasto”.

Fálase de que debería ir acompañada dese informe que considero que non está; pregunto se ese inconveniente pode facer que caia esta ordenanza por se alguén presenta alegacións neste senso. Se é obrigatorio(...) se non é obrigatorio (...), que os Técnicos do Concello no lo digan.

- **Sr. García Cuervo (BNG):**

É obrigatorio para as taxas; polo que respecta aos impostos, non é necesario o informe económico, así o entendín dos técnicos.

- **Sr. Alcalde-Presidente:**

De tódolos xeitos trátase dun acordo inicial, e na exposición pública poderá resolverse. Hai intención de corrixir aspectos comentados e, si hai que ter ese informe, complementarase.

- **Sr. Interventor:**

Sería conveniente, non obrigatorio.



• **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Critica o trato do goberno ás iniciativas da oposición. Nesta Comisión Informativa deuse una volta de torca máis ás formas totalmente vergonzosas e deliberadas coas que este goberno trata as iniciativas da oposición; concretamente ás propostas feitas por mín en tempo e forma. Agora nin sequera se molestan en facernos informes a propósito para desmontar as nosas propostas; simplemente nin se tratan.

Gustaríame facer nun primeiro lugar unha cronoloxía do tema, aínda que xa o fixo dun xeito breve o Sr. Concelleiro. Este asunto ben por un acordo plenario en sesión celebrada o 17/09/16 onde se acorda o inicio dun expediente administrativo dirixido a modificar a ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, onde fixen unha proposta, e como había un pequeno lío no tema levouse a través desta modificación da ordenanza.

Cando me chega a proposta, vexo que ven máis modificada do que realmente se había acordado nese pleno, polo tanto opto por facer tamén eu unhas pequenas modificacións porque entendo que serían necesarias e boas para a veciñanza. Modificacións que nembargantes o Concelleiro de Facenda di na Comisión que non sabe nada de nada deses papeis, que foi presentado en tempo e forma, exactamente creo que 14 días logo de que o recibín, porque estiven esperando a que alguén do Concello me chamase para unha Xunta de Voceiros ou Comisión, comunicando a data de celebración desa Comisión. Como vexo que non me chaman, intento meter por rexistro estas iniciativas.

Pregúntome de que vale facer unhas Comisións Informativas se as propostas que facemos non se levan ás mesmas.

Dáse tamén a casualidade de que os informes dos que acaba de falar o Sr. Pires, están datados un o mesmo día que presento a proposta e outro o día seguinte, polo cal unha vez que isto chegou ó Alcalde, ben se puido trasladar que houberan feito uns informes onde dixeran que o proposto se pode acceder ou non, economicamente é malo, ou é gravoso (...) Pero nin sequera iso.

Falando do tema da proposta, en canto ao ICIO leo que gozarán dunha bonificación do 95% da cota do imposto, as instalacións e obras realizadas sobre edificios existentes que sexan declarados de especial interese ou utilidade, por estar incluídas no Catálogo de Bens Culturais, Naturais e Paisaxísticos do PXOM que está en trámite. Un vai a ese Catálogo empeza a ler e hai catalogadas 103 vivendas ou edificios. É necesario que o Concello de Bueu bonifique o 95% a unha persoa que é propietaria da Casa Rectoral da Roza, por exemplo; á propietaria do Edificio do Cuarteirón en M. Ríos 47-49; á propietaria dun edificio no Cuarteirón Beluso 13; á propietaria do Pazo de Ouril; á propietaria do Pazo de Santa Cruz?

É necesario que o Concello beneficie a esas persoas?

Non terán eles suficiente para facer as obras e pagar o ICIO correspondente?

Non coñezo tódalas edificacións que están catalogadas, pero creo que das 103, simplemente 10 se poderían considerar de veciños que realmente necesitaran unha bonificación tan importante.

Non se quixeron incluír as propostas que eu propoñía que eran a bonificación para obras que incluían aproveitamento térmico eléctrico mediante enerxía solar, vivendas de protección oficial ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade de discapacitados.

Creo que son propostas que benefician ós veciños, e que os mesmos están contribuíndo por exemplo á implantación de sistemas renovables, non contaminantes, contribuíndo ó desenrolo sostible e á xeración de emprego.

No IBI, en canto ao apartado “tratándose de inmoables de uso residencial que se atopan desocupados con carácter permanente, esixírase unha recarga sobre a cota líquida do



imposto do 50%". Preocúpame porque entendo que o que ten unha vivenda desocupada porque quere, si hai que gravalo, pero por poñer un exemplo unha persoa de Bueu que vive en Pontevedra, en Madrid ou onde sexa, e por herdanza recibe unha vivenda, non creo que teña a obriga de tela ocupada ou recargarlle un 50%.

Polo que respecta á bonificación do 95% da cota íntegra os bens rústicos de cooperativas agrarias. Non fai falta informe porque realmente non beneficia a ninguén; non existe ningunha cooperativa agraria en Bueu.

Si estou totalmente de acordo co das familias numerosas, votando en falta que non se faga unha distinción entre as diferentes categorías.

Neste tema do IBI tamén solicitei a bonificación para galpóns ou cobertizos do rural que na última revisión catastral foron incluídos, entendendo que son merecedores dunha rebaixa. Creo que uns galpóns que teñen os veciños no rural para estabulación da animais de uso doméstico, non para uso industrial nin para venda, é inxusto que teñan que pagar unha cota tan importante do IBI.

Por último anuncia a súa abstención porque están incluídas as bonificacións dos vehículos híbridos, así como tamén a das familias numerosas, aínda que non as demais propostas. Insistirá nelas a partires do 2 de xaneiro.

- **Sr. García Cuervo (BNG):**

Por alusións, nin torpedeou nin puxo zancadillas a ninguén. Dei instrucións para o envío da documentación un mes antes a tódolos Voceiros dos Grupos; logo se modificou e volveuse a mandar. Tempo houbo.

En canto ao que o Sr. Vilas presenta, o que lle dixen foi que non da tempo a informal; evidentemente me entero agora. Porque isto hai que publicalo e entraría en vigor o 1 de xaneiro, agás das taxas que entrarían unha vez publicadas; se non hai alegacións, o 1 de xaneiro entrarían en vigor, logo non daba tempo, e díxenlle que a partir de ahí, cando entre en vigor, invítolle a tratar esas modificacións que presenta. Hai que dicilo todo, que a xente se quede con todo.

- **Sr. Santos Pires (PP):**

A súa crítica e pola falta aclaración en canto a obriga da emisión de informes de Intervención.

- **Sr. García Cuervo (BNG):**

Non é obrigado, senón recomendable.

- **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

A min me chega a documentación o 5 de outubro, 13 meses despois do pleno onde foi tratado este asunto. Durante ese período ninguén me propuxo nunha Comisión tratar este tema. As propostas teñen que vir de Vdes. que son os que gobernan. Eu o fixen en 15 días; estiven a espera de que se me convocara do xeito que foxe e aínda habería tempo. Non me molesta que mo fagan a min, síntoo polos veciños porque poderían ser beneficiados por algunha das propostas, pero si Vds. non queren que lle imos facer.

INCIDENCIAS:

Sendo as 20:40 horas, incorpórase á sesión o Sr. Leal Fariña.

- **Sr. Alcalde-Presidente:**

En ocasións parece que un ten que sentirse culpable de ter maioría; non sei se ese sentimento de culpabilidade teremos que interiorizar como algo propio; paréceme unha falta de respecto a esa maioría á que Vde. está continuamente apelando, polo que lle



pediría un respecto cara a xente que dentro dun proceso electoral democrático ducidíu maioritariamente apoiar unha candidatura e un proxecto;lle guste ou non lle guste, máis ben non lle gusta, pero de momento ten que aguantarse e esperar a un próximo proceso electoral e teña a oportunidade de acadar mellores resultados.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria, nominal e a man alzada a proposta do concelleiro delegado de Facenda de 25.10.2016 relativa á aprobación provisional da modificación das ordenanzas fiscais co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

- ✓ Votos a favor: 13 dos que 09 corresponden aos concelleiros presentes do G.P.M do BNG, 03 corresponden aos concelleiros do G.P.M do PP, e 01 ao concelleiro do G.P.M de SON
- ✓ Votos en contra: 0
- ✓ Abstencións: 01 do concelleiro do G.P.M de PSdeG-PSOE

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por maioría absoluta de votos dos membros presentes, acorda:

- 1º.- Aprobar provisionalmente o novo articulado das ordenanzas fiscais nº 1 reguladora do imposto sobre bens inmobles, nº 3 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica e nº 4 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, nº 12 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos transcrito na proposta do concelleiro delegado de Facenda de 25.10.2016.
- 2º.- De conformidade có disposto no artigo 17.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o presente acordo provisional, así como o referido texto da Ordenanza Fiscal, expóranse ó público no taboleiro de anuncios deste Concello durante o prazo de trinta días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinalo expediente e presentalas reclamacións que estimen oportunas.
- 3º.- Dita exposición ó público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da Provincia e comezará a contar o seu prazo a partires do día seguinte a aquel no que teña lugar a publicación do correspondente anuncio.
- 4º.- En caso de non presentarse reclamacións, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do mesmo texto legal, durante o período de exposición pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

6. MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG: OPOSICIÓN Á LOMCE E AS SÚAS REVÁLIDAS

Pola Alcaldía procédese a dar lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Portavocía de Goberno, Educación, Cultura e Políticas Sociais, de data 31/10/16, nos seguintes termos:

Por maioría dos seus membros asistentes (votos a favor: 6, dos que 5 correspondente aos concelleiros asistentes do GPM do BNG, e 1 do Concelleiro pertencente ao GPM de SON), e 1 abstención da Sra. Mercedes del Piliar Oero González, ditaminou favorablemente a moción de data 17.10.2016 (RE núm. 7306/16 de 17.10.2016) relativa á oposición á LOMCE e as súas reválidas, presentada polo GPM do BNG.



De seguido cédelle a palabra á Concelleira Sra. López González, quen procede á lectura da moción presentada do seguinte contido literal:

“MOCIÓN DE OPOSICIÓN Á LOMCE E ÁS SÚAS REVÁLIDAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A aplicación da LOMCE consagra cuestións totalmente negativas para o sistema educativo por ser fundamentalmente centralizadora, clasista e sexista, mercantilizar a educación e afondar nun modelo moito máis autoritario e antidemocrático. Cómpre lembrar que xa a súa elaboración foi sen diálogo social e sen participación da comunidade educativa, das asociacións que representan os diferentes colectivos implicados, e con grande oposición social e política. Ademais, a LOMCE representa un ataque frontal ás competencias das comunidades autónomas e supón unha involución inadmisibel ao negar a realidade plurilingüe, pluricultural e plurinacional do estado español e veta o dereito a ofrecer o seu propio modelo lingüístico.

Paraalén doutras consideracións, a inclusión a proba xeral en 3º e 6º de Primaria e as reválidas en 4º da ESO e en bacharelato, que son requisito imprescindible para conseguir os títulos correspondientes, prenden pór as maiores trabas posíbeis para a continuación dos estudos. Obedecen, pois, a unha concepción clasista e elitista da educación e contribúen a excluír o alumnado máis desfavorecido socialmente do dreito á educación nun contexto no que xa as progresivas privatizacións e recortes do sistema público de ensino limitan os recursos para facer real o principio de igualdade de oportunidades.

Ademais, a nivel pedagóxico as reválidas supoñen unha presión engadida para o alumnado, forzándoo a ser avaliado baixo estándares uniformizados sen ter en conta a educación como proceso e o contexto social, económico e persoal do alumnado así como as súas capacidades e actitudes. Tamén cómpre sinalar como as probas avalían só determinadas áreas de coñecemento, tendo nunha menor consideración outras competencias, destrezas e habilidades do campo artístico e musical. Ademais, o modelo centralista fai que sexa o Ministerio de Educación quen fixe os criterios, limitando os contidos específicos do marco galego que son imprescindibles para a formación do alumnado no seu contexto.

Así mesmo, condicionan a labor docente ao encamiñala á preparación das probas e cuestionan a avaliación continua e a opinión do equipo docente para coñecer as carencias, potencialidades, habilidades e capacidades do alumnado, así como dos medios, recursos e apoios necesarios para mellorar a aprendizaxe e o rendemento escolar.

Por todo isto, a lei ten unha clara pretensión de camiñar cara un sistema educativo competitivo, clasista e segregador que excluírá os sectores máis desfavorecidos da educación e asentará unha estrutura curricular ao servizo do capitalismo.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte que deixaba sen efecto

ACORDO:

- 1. Instar á Xunta de Galiza á eliminación das reválidas, conscientes das nefastas e lesivas consecuencias que supoñen as reválidas, por seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuíta.*
- 2. A esixencia de que a Xunta de Galiza solicite ao goberno do Estado a derogación da LOMCE.*
- 3. Instar á Xunta a defender as nosas competencias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país.”*



Pola Alcaldía-Presidencia ábrese a conseguinte quenda de intervencións:

- **Sra. Pérez Hernández (PP):**

A moción foi presentada por rexistro o 17.10.16, e o 26 do mesmo mes, foi o propio Presidente do Goberno quen anuncio no debate de investidura que deixaba sen efecto académico ás reválidas da ESO e do Bacharelato. Foi un xesto de vontade ata que non se chagara a un pacto nacional pola educación.

Onte, martes 8 de novembro, levóuse a cabo o primeiro encontro de carácter técnico entre o Ministerio de Educación e as Comunidades Autónomas, para consensuar a configuración das novas probas, e como digo aínda están en fase de elaboración posto que estamos a falar dun proxecto dun Real Decreto e non de nada definitivo, polo que non é de todo correcto o que din algunhas organizacións e se plasman nesta moción de que xa se están divulgando de como van ser as probas, de que van ser complicadísimas e van entorpecer todo o sistema educativo; e por ningún lado vai ser o pero do mundo porque están en fase de redacción, e xa hai un acordo entre o Ministerio e os Reitores das Universidades españolas que están a negociar.

Por outra banda, o propio Consellerio de Educación da Xunta de Galicia, xa pedira por carta ó Ministerio de que a reválida non teñan eses efectos académicos, e ademais a Xunta, a través dese primeiro encontro que se celebrou onte, está a traballar de xeito coordinado coas tres Universidades galegas para facer aportacións ao Ministerio.

Como isto xa está paralizado e se están tomado medidas ó respecto, entendemos que esta moción chega tarde e deixa de ter senso neste momento.

Remata anunciando o voto en contra do seu grupo.

Incidencias: Sendo as 20:50 h., abandona o Salón de Sesións o Concelleiro Sr. Leal Fariña.

- **Sra. Rodríguez Días:**

Con tódolos meus respectos non podo compartir a intervención da Voceiro do PP, porque esta moción non se atinxe soamente ás reválidas. O concepto da lei é moitísimo máis amplo; non se ten en conta o traballo do profesorado; non se ten en conta a avaliación por competencias que está impulsada dende Europa, que se está traballando nos Centros, e logo resulta que nestas probas, que si pretenden uniformizar, valórase máis o contido que a competencia.

Por outro lado, non se trata o tema da lingua; estase a retirar a lingua dalgúns materias que antes se impartían en lingua galega. Os nosos alumnos son castelán falantes maioritariamente, e se dende a escola restamos esta potenciación da lingua, chegará un momento en que sexan cada vez menos os galegos falantes.

Non pode reducirse o impacto desta lei á existencia soamente da reválida. Por outra banda xa se levaron a cabo probas en primaria, aínda que non teñan unha incidencia na cualificación, e si supoñen unha presión para os nenos.

Lamento moitísimo, pero non estou de acordo e non me parece correcto que se trate de limitar soamente ao tema das reválidas, aparte de que paréceme lamentable que se tome unha decisión dende o goberno solo pola presión debida á situación electoral e non ás peticións reiteradas de toda a comunidade educativa e non educativa.

- **Sr. Santos Pires (PP):**

Como parte implicada na operación (son pai dun rapaz que tivo que pasar este ano as probas), dígoche que o meu fillo non sufriu absolutamente ningún tipo de problema para pasar as probas. Non temos os resultados pero o estrés do rapaz era absolutamente cero, e de feito os profesores lle dixeron *"no os preocupeis chicos, vosotros contestais lo que querais y se sale bien sale bien, y si no sale bien no sale bien"*. Os rapaces estaban todos



tranquilos, falo dende o meu punto de vista; vostedes dende o punto de vista profesional igual mirades mais casos. Paréceme correcto que teñas unha segunda alternativa para poder valorar como vai a educación de teu fillo; e o das revalidas que é o que non entendo porque eu me limito á cuantificación económica, non entendo como un alumno que quite un 5,72 poida aprobar a reválida e teñamos tanto problema; e dicir, si o meu fillo ten un 5,72 aínda que quite un 0 na reválida aproba igual, porque o 70% da nota ven derivada do expediente académico.

Incidencias: Cando son as 20:55 h., reincorpórase á sesión o Concelleiro Sr. Leal Fariña.

En canto á LOMCE, a moción ten tres puntos. Si votamos soamente o segundo ao mellor estaríamos en parte de cordo con vds. pero si votamos o primeiro é a reválida o que estamos votando.

Imos votar por partes ou conxunto?

- **Sra. Rodríguez Días:**

Cando falaba da reválida referíame á argumentación que a Sra. Pérez Hernández fixera.

- **Sr. Villanueva González (SON):**

Sinala que o seu grupo vai votar a favor; unha por si acaso, porque do PP fíome menos que de ninguén. A nivel municipal máis ou menos podemos chegar a levarnos ben, pero a nivel nacional e a nivel estatal, para nada.

Cando saía o Sr. Presidente da Xunta dicindo que ía a facer un país trilingüe, creo que vai poñer o rumano como terceira materia, porque o galego está cada vez máis defenestrado. Como non me fío, parece incluso corta a moción presentada polo BNG, porque eu a faría moito máis dura.

A reválida a min sóame á época de miña nai, meu pai, meus avós, e non me gusta; porque soamente podían ir a Pontevedra os que tiñan cartos para paga-lo taxi.

Por outra banda, os colexios privados van sacar unhas reválidas perfectas, porque ven dende Madrid imposto o temario e nas Comunidades Autónomas apenas temos nada que facer polo que ven ditado.

Anuncia o seu voto a favor.

Alégrome polo Sr. Pires por canto o seu fillo foi un dos poucos que foron a facer a reválida a Cangas, por canto houbo unha abstención do 80-90%.

- **Sr. Eirea Eiras (BNG):**

Case concordo co Sr. Pires, co segundo punto é suficiente: supresión la LOMCE e xa está. O tema da reválida evidentemente é unha cuestión absolutamente accesoria ata o punto de que toda a LOMCE é rexeitable.

Con respecto ós comentarios sobre as modificacións que se fixeron, tamén hai que lembrar que por segunda vez, o 4 de outubro, no Congreso de Deputados, 175 votos foron para a eliminación da LOMCE, 133 foron en contra da proposta de eliminación e 34 abstencións; é dicir, por segunda vez a gran maioría do Parlamento do Estado dixo algo bastante claro. É absolutamente insensato pervivir en algo que presenta tanto rexeitamento; é moitísimo máis práctico recoñecer que no seu momento alguén pretendeu facer un xiro na política educativa e quedouse só, hai que recoñecelo; sigue a estar só e a maioría do Parlamento pide a eliminación desta Lei, non só polas reválidas, senón por moitísimas cousas.

- **Sr. Santos Pires (PP):**

Tampouco é que eu estea moi a favor da LOMCE, pero algo ten que haber para avaliación do alumno.



• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Gustaríame tamén facer algún apuntamento.

Primeiro dicir que non me gustan os dogmas de fe nin a política de estado, cada vez sóame peor, non acado de entender moi ben o que significa.

O mundo está cambiando, non cabe dúbida, e a demostración tivémola esta madrugada, onde a veces as cousas non son como parece, iso para empezar.

Vou traer aquí a colación algo que estes días nos medios de comunicación se está comentando, e non polas bancadas políticas, senón polas xudiciais.

Hai varios membros do Tribunal Constitucional, varios xuristas, que estes días están facendo público o que eles consideran que é unha liña xurisprudencial ou doutrinal do Tribunal Constitucional, en relación con diferentes asuntos, pero que están pouquiño a pouco menoscabando ese Estado tan mentado que se chama Estado das Autonomías, dándolle unha volta de torca á recentralización de competencias que nese mapa competencial da Constitución Española estaba trasladada polo menos as competencias ás Comunidades Autónomas. Digo isto porque estamos a pasar algo importante: que a LOMCE foi aprobada por un goberno con maioría absoluta sen contar para nada coas Comunidades Autónomas; iso é o básico. Agora parece que no, o primeiro que se fai é sentarse coas Comunidades Autónomas; pois anulemos a Lei e, a partir de agora, negociemos e consensuemos coas Comunidades Autónomas unha nova Lei; efectivamente as reválidas non é que sexan accesorias, de momento están en suspenso nada máis, non están anuladas. Pero si que eu quero enfatizar nesa parte, na parte do que son as intencións; recoñezo enormes virtudes ó Presidente do Goberno atopándome nas antípodas ideolóxicas del, pero non so por esta e outras leis máis recentes, senón por todo que leva feito nos últimos anos, porque quizáis está a poñer en marcha as políticas máis radicais coma un partido ultraconservador en ocasións, e nembargantes, á vista da opinión da cidadanía pasa por ser un partido sumamente moderado, de centro. Baixo o meu punto de vista trátase dun partido cun compoñente ideolóxico en cada unha das súas medidas que adopta, e así o demostrou ao longo de todos estes anos; pero insisto, recoñecéndolle como un gran estratega a pesares de que está a ser criticado constantemente polos seus adversarios políticos, pero hai que recoñecerlle tamén esas virtudes que ten.

Non producíndose máis intervencións, o Sr. Alcalde somete votación ordinaria, nominal e man alzada a moción presentada polo seu grupo do BNG de oposición á LOMCE e a súas reválidas, dándose o seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

- ✓ Votos a favor: 11 (dos Concelleiros presentes do G.P.M. do BNG (9), 1 correspondente ao representante do G.P.M. do PSdeG-PSOE e 1 correspondente ao representante do G.P.M. de SON.
- ✓ Votos en contra: 03 (dos Concelleiros do G.P.M. do PP)
- ✓ Abstencións: 0

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por maioría absoluta de votos dos membros presentes, acorda prestar aprobación á moción presentada polo grupo municipal do BNG con data 17/10/16 (RE 7306), de oposición á LOMCE e a súas reválidas, dispoñendo en consecuencia:



1. Instar á Xunta de Galiza á eliminación das reválidas, conscientes das nefastas e lesivas consecuencias que supoñen as reválidas, por seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuíta.
2. A esixencia de que a Xunta de Galiza solicite ao goberno do Estado a derogación da LOMCE.
3. Instar á Xunta a defender as nosas competencias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país.

7. MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL DO G.P.M. DO BNG: APOIO ÁS RECLAMACIÓNS DOS TRABALLADORES DO MAR.

Pola Alcaldía procédese á lectura do ditame favorable da Comisión Informativa de Economía, Emprego, Consumo e Turismo, emitido con data 31/10/16, nos seguintes termos:

“A Comisión Informativa permanente de Economía, Emprego, Consumo e Turismo, na sesión ordinaria celebrada en data 31 de outubro de 2016, por maioría dos seus membros asistentes (votos a favor: 6, dos que 5 correspondente aos concelleiros asistentes do GPM do BNG e 1 do concelleiro pertencente ao GPM de SON, e 2 abstencións da Sra. Mercedes del Pilar Otero González e do Sr. Santos Pires), ditaminou favorablemente a moción de data 17.10.2016 (RE núm. 7307/16 de 17.10.2016) en apoio ás reclamacións dos traballadores do mar presentada polo GPM do BNG.”

De seguido cédelle a palabra á Sra. Carballo González (BNG), quen procede á lectura íntegra da moción presentada, do seguinte contido literal:

“MOCIÓN DE APOIO ÁS RECLAMACIÓNS DOS TRABALLADORES DO MAR

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) presenta a seguinte moción de apoio ás reclamacións dos traballadores do mar que desenvolven a súa actividade na pesca de altura e gran altura, afectados pola decisión inxusta do Goberno español de minorar os coeficientes redutores da idade de xubilación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Real Decreto 1311/2007, de 5 de outubro, establecía novos criterios para determinar a pensión de xubilación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, dun modelo instaurado nos anos 70 para a Mariña Mercante que se baseaba en aplicar un coeficiente redutor na idade de xubilación en función da zona que navegase o barco. Zonas que viñan reguladas a través dunha Ordenanza de Tránsito da Mariña Mercante do 20 de maio de 1969.

Este vello modelo, completamente desfasado, tivo que ir modificándose para actualizar os coeficientes redutores aplicables á pesca, incluíndose novas actividades que estaban excluídas como o marisqueiro, os percebeiros, bateiros, etc. Este criterio caduco foi substituído por un novo baseado no tipo de buque, sen chegar aínda ao fondo da cuestión: o dereito a reducir a idade mínima de xubilación naquelas actividades profesionais de natureza penosa, tóxica, perigosa e insalubre nas que se acusen elevados índices de morbilidade ou sinistralidade, así como aquelas que impliquen unha continua separación familiar e alonxamento do fogar.

Aínda así, con esta nova normativa até finais do 2015, a frota galega que faena en augas internacionais (cefalopodeiros, palangreiros, arrastreiros, etc.) estaban considerados



“conxeladores” polo que se lles aplicaba o coeficiente máximo de 0,40. Isto é, que con 25 anos enrolado un tripulante tería dereito a se xubilarse aos 55 anos.

O pasado ano, o goberno español (Dirección da Mariña Mercante, dependente do Ministerio de Fomento), a través dunha orde interna, modificou a aplicación destes coeficientes, de xeito que agora unicamente considérase buques “conxeladores” aquelas embarcacións que teñan unha eslora de máis de 70 m. e capacidade superior ás 1.000 TRB. O resto, dadas as súas menores dimensións, pasan a ser considerados buques “fresqueiros” sen teren en conta nin a actividade, nin a zona de pesca, nin condicións de vida a bordo, aplicándose unha rebaixa no coeficiente de 0,40 ao 0,25-0,35, o que evidencia unha absoluta miopía por parte deste departamento de “secano”, pois a nosa frota faena no Índico, Pacífico, Atlántico Sul, Atlántico Norte e Ártico.

Esta medida afecta basicamente a Galiza, primeira potencia pesqueira do Estado, e cun tipo de frota que é, “curiosamente”, a que resulta penalizada. Con esta medida vense afectados os traballadores da frotga palangreira, a frota cefalopodeira e o resto da frota arrastreira que non alcance as novas condicións establecidas por Madrid con independencia de que pesque nas Malvinas, en NAFO ou en calquera outro mar do mundo. Presudícase así a milleiros de mariñeiros galegos que verían aumentada a súa vida laboral e sufrirían unha grave discriminación a respecto daqueles buques que cumpran as condicións de tamaño: atuneiros e algúns arrastreiros de fondo, que verán como desenvolvendo a mesma actividade, no mesmo caladoiro e en peores condicións de habitabilidade, verán diminuídos os seus dereitos de xubilación polo tamaño do barco. Esta decisión do goberno español resulta inasumible e surrealista para os tempos que corren.

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

- 1. Manifestar o apoio deste Concello ás tripulacións embarcadas en buques que faenan en augas internacionais, e reclamar do Goberno Español e do Ministerio de Fomento a retirada da orde interna da Dirección da Mariña Mercante de modificación dos coeficientes redutores para os conxeladores.*
- 2. Revisar de oficio todas as pensións que se resolveron co actual procedemento pra impedir a discriminación a respecto dos que historicamente se lle recoñeceu o 0,40. Restituir a legalidade e o sentido común.*
- 3. Solicitar unha revisión profunda do caduco modelo baseado na zona e o tamaño da embarcación para ir a un novo que incentive as condicións reais das actividades profesionais da pesca, recoñecendo aquelas que teñen maior penosidade, perigosidade, sexan insalubres e provoquen sinistralidade e altas morbilidades.*
- 4. Solicitar o cese do Director Xeral da Mariña Mercante por incompetente e por descoñecer a realidade da pesca, ao aplicar criterios discriminatorios que conculcan os dereitos fundamentais dos traballadores galegos. Reprobar á titular do Ministerio de Fomento por consentir esta tropelía e non responder ás demandas levadas a cabo polos sindicatos e a patronal pesqueira dende o 2015.*
- 5. Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno Español e grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza e Congreso dos Deputados.”*

Remata dicindo que a este ditame habería que facerlle un engadido que sería o punto proposto polo Voceiro do grupo SON, no seguinte senso:



“Instar que as medidas anteriores sexan realizadas antes do 31 de decembro de 2016”,

Por canto así foi aceptada na Comisión pero non aparece no ditame.

• **Sr. Villanueva González (SON):**

Xustifica a súa enmenda por canto trátase dunha interpretación do ISM libremente, non é lei, non é un decreto, non hai lei que regule isto e déuselle por aí. Déuselle por facer recortes como fan en todo e listo; nembargantes no Cap. 1 do R.D. en cuestión, un buque do ISM está equiparado a un petroleiro, un gaseiro ou un químico, que corren mais perigo que unha embarcación do ISM; ou sexa, un buque deste organismo ten o 0,40, e un mariñeiro dun conxelador ten o 0,35. Foi unha interpretación que fixeron e o meu engadido é que se faga antes do 31 decembro, porque parece ser que o ISM sí deu atrás e nesas datas consultarán a Europa do que se fai cos mariñeiros galegos que faenan noutros buques.

O engadido era: Facelo antes do 31 de decembro e instar ás autoridades a que defendan en Europa os dereitos dos traballadores.

• **Sr. Otero González (PP):**

Comentar que o seu grupo tamén está a favor da moción, pero non entendemos o punto 4º, en canto ó cese e reprobación por entender que a xente do Minsiterio e da Mariña Mercante están en funcións.

• **Sr. Villanueva González (SON):**

Por burros.

• **Sr. Otero González (PP):**

Por burros non, porque foi unha interpretación do ISM, nin da Mariña Mercante nin de Fomento. Entendemos que conforme se engadeu un novo punto, deberíase retirar o punto 4º por canto non ten razón de ser.

• **Sr. Santos Pires (PP):**

O problema de fondo deste tema é que temos a desgraza de que non hai coordinación entre os distintos organismos da administración, que é o que nos pasa ós que traballamos no campo ligado a protestar tódolos días á administración.

Entón aquí hai unha descoordinación entre a base de datos que utiliza o ISM, a base de datos que utiliza a Mariña Mercante e a base de datos que ten na flota operativa pesqueira da Secretaría Xeral de Pesca.

Que está a pasar? Que un mesmo buque unha catalogación nunha base de datos; ese mesmo buque pode ter unha catalogación distinta na base de datos do ISM, e pode ter incluso unha terceira catalogación na base de datos da Secretaría Xeral de Pesca.

Ate ese momento que foi o tema da modificación do tipo de buques que ben un pouco imposta pola catalogación que fai Europa para que o harmonicemos todos, supostamente hai unha orde interna da Mariña Mercante que non fomos capaces de atopar onde se modifica iso. Logo votámoslle a culpa á Mariña Mercante porque lle baixa os coeficientes redutores ós mariñeiros galegos.

Gran erro, cando menos dende o me punto de vista, porque o que fai a interpretación dese cambio de criterios sería o ISM cando recoñece as pensións, único competente neste caso.

Ben é certo que houbo un momento por esa diferenza entre a base de datos do ISM e a do Ministerio de Fomento e a Secretaría Xeral de Pesca, onde houbo algunhas persoas que puideron estar prexudicadas por canto se estaba aplicando dende o ISM un coeficiente do 0,25 en lugar do 0,40 que era o que correspondía polo “criterio” que se estaba adoptando anteriormente.



Por parte do ISM foi corrixido dentro do que se puido, polo menos iso é o que nos fan saber a nós, non sei se é certo ó 100%, pero o que nos dixeron foi que todas esas pensións que puideron estar mal recoñecidas, poden ser rectificadas tanto de oficio como a instancia das partes, pera xa anuláron ese erro que detectaron, e cada afectado pode solicitar a revisión do expediente da pensión, por canto foi un criterio mal utilizado por parte do ISM, nunca de Fomento.

Segundo nos indican, iso podería afectar a un total enorme de 510 tripulantes, que son as que poden ter mal a pensión.

O que se podería instar é si esa revisión de oficio se fixo mal, que tódalas persoas que foron xubiladas nese período soliciten a revisión da súa pensión a través do ISM.

Nun principio xa se fixo unha revisión de oficio de tódolos expedientes que podían; hai algúns que non se pode por algún motivo que comentan, pero si se podería facer.

Nos estamos de acordo nun principio que cando se cotiza nun barco cunhas condicións no momento da cotización, no me poden cambiar a baralla no momento en que me xubilo, porque se teño que elixir entre un buque conxelador e un buque fresqueiro, o mellor decido o buque conxelador porque teño un 0,40 e non nun fresqueiro o 0,25, pero antes de que tome a decisión.

Iso de facelo con carácter retroactivo, dende o meu punto de vista non é correcto.

Preguntaba o outro día na Comisión porque non controlaba o que agora revisei, porque non tivera tempo, de como afectaría iso, se tiña carácter retroactivo ou non, e na Comisión descoñecíamos ese dato.

Carácter retroactivo non pode telo, logo cando se aplica hai que instar a revisión das pensións porque non se pode prexudicar ó pensionista.

Esa corrección xa se fixo, logo a quen habería que reprobar é ó ISM por canto non foi moi dilixente en canto a mirar se ese volcado de datos da Mariña Mercante á base de datos do ISM para facer o cálculo da pensión fora correcto.

Logo non sería o Ministerio de Fomento, senón o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Se se retira a reprobación (punto 4º) estaríamos dispostos a votar a favor.

- **Sr. Alcalde-Presidente:**

Estarían dispostos a eliminar do punto 4ª a partires da reprobación, por considerar que puido existir un erro, pero manterían o do cese do Director Xeral da Mariña Mercante.

- **Sr. Santos Pires (PP):**

O da Mariña Mercante está correcto, o que non está correcto é a interpretación que fai o ISM desa base de datos da Mariña Mercante; esta non é coñecedora dese trámite, o problema é do ISM.

- **Sr. Villanueva González (SON):**

Eu pido o cese do Ministro e reprobó ó ISM. Unha cousa está clara: alguén meteu a pata, porque déronse eses casos. Isto non vai valer para nada, porque non nos van facer caso, pero gustaríame que este Concello mariñeiro como é reprobe ó ISM. Por min cambiaría o Ministro de Fomento pola de Sanidade, por burriqueira.

Non producíndose máis intervencións, o Sr. Alcalde somete votación ordinaria, nominal e a man alzada, a moción presentada polo seu grupo do BNG de apoio ás reclamacións dos traballadores do mar, coa inclusión do apartado 6 proposto polo SON, e rectificación do punto núm. 5, dándose o seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:



- ✓ Votos a favor: 14 (da totalidade dos membros presentes: 9 do BNG, 3 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de SON)
- ✓ Votos en contra: 0
- ✓ Abstencións: 0

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade dos membros presentes, acorda prestar aprobación á moción presentada polo grupo municipal do BNG con data 17/10/16 (RE 7307), de apoio ás reclamacións dos traballadores do mar, dispoñendo en consecuencia:

1. Manifestar o apoio deste Concello ás tripulacións embarcadas en buques que faenan en augas internacionais, e reclamar do Goberno Español e do Ministerio de Fomento a retirada da orde interna da Dirección da Mariña Mercante de modificación dos coeficientes redutores para os conxeladores.
2. Revisar de oficio todas as pensións que se resolveron co actual procedemento pra impedir a discriminación a respecto dos que historicamente se lle recoñeceu o 0,40. Restituir a legalidade e o sentido común.
3. Solicitar unha revisión profunda do caduco modelo baseado na zona e o tamaño da embarcación para ir a un novo que incentive as condicións reais das actividades profesionais da pesca, recoñecendo aquelas que teñen maior penosidade, perigosidade, sexan insalubres e provoquen sinistralidade e altas morbilidades.
4. Reprobar ao ISM e ao Ministerio de Traballo por descoñecer a realidade da pesca, ao aplicar criterios discriminatorios que conculcan os dereitos fundamentais dos traballadores galegos. Reprobar á titular do Ministerio de Fomento por consentir esta tropelía e non responder ás demandas levadas a cabo polos sindicatos e a patronal pesqueira dende o 2015.
5. Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno Español e grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza e Congreso dos Deputados.
6. Instar que as medidas anteriores sexan realizadas antes do 31 de decembro de 2016.

8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG: TRANSFERENCIA DA AP-9

Pola Alcaldía-Presidencia procédese á lectura do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda, no seguinte senso:

“A Comisión Informativa permanente de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda, na sesión ordinaria celebrada en data 02 de novembro de 2016, por maioría dos seus membros asistentes (votos a favor: 4 correspondentes aos concelleiros asistentes do GPM do BNG e 3 abstencións, 2 dos concelleiros asistentes do GPM do PP e 1 do GPM do PSdeG-PSOE) ditaminou favorablemente a moción de data 20.10.2016 (R.E. núm. 7398/16 de 20.10.2016) relativa á Transferencia da AP9 presentada polo GPM do BNG.”

De seguido, cédelle a palabra ó Concelleiro delegado de Urbanismo, Sr. Villanueva Pastoriza (BNG), quen procede a dar lectura da moción presentada, do seguinte tenor literal:

“MOCIÓN SOBRE TRANSFERENCIA DA AP-9

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A AP-9 é unha autoestrada que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, ao conectar toda a franxa atlántica e catro das sete cidades galegas. Malia o seu carácter vertebrador, a AP-9 continúa a depender do Goberno Central, quen mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos e lastran o desenvolvemento dos sectores económicos galegos.



As competencias e a xestión desta autoestrada por parte do Estado é motivo de controversia non só polas abusivas peaxes, senón tamén polo deterioro e servizo deficiente que presta a concesionaria, coa complicidade do Goberno Central.

O Parlamento de Galicia, ao final da IX Lexislatura, por unanimidade de todas as forzas políticas con representación, aprobou a “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, que foi remitida ao Congreso dos Deputados para a súa tramitación e aprobación final.

O día 14 de outubro de 2016, o Goberno Central comunica a desconformidade coa súa tramitación nas Cortes Xerais, en base a un suposto incremento de créditos orzamentarios. Con independencia de que as contas feitas polo Ministerio de Fomento son absurdas, ao fundarse nos ingresos brutos das peaxes nun ano determinado (co que no caso de que as galegas e galegos decidísimos durante un ano non usar dita infraestrutura e reducir ao mínimo os ingresos de peaxes xa nos sairía case gratis o rescate), constitúe un agravio comparativo e unha discriminación parapetarse nun suposto incremento orzamentario para vetar o debate sobre a transferencia da AP-9 a Galiza e poder abaratar o seu custe para as usuarias e usuarios, cando se está a falar de achegar cantidades multimillonarias de diñeiro do orzamento público para rescatar autoestradas quebradas en Madrid, e que non redundarán precisamente nun beneficio das persoas que as usan, senón que irán directamente para compensar ás construtoras e á banca que tamén impulsaron esa ruínosa construción de vías de alta capacidade.

Os grupos políticos desta Corporación, debemos reafirmar e apoiar a iniciativa aprobada no Parlamento de Galiza que ten como finalidade superar un marco competencial onde Galiza nin decide nin opina sobre a xestión da vía de alta capacidade máis importante do punto de vista social e económico do país, e aspira a que desde Galiza se tome o control desa autoestrada, para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera, a custa do petode sufridos usuarios e usuarias, co modelo de xestión que ten a administración central da AP-9.

Con esta moción pretendemos que a Corporación de Bueu tamén se sume ao consenso político acadado no Parlamento de Galiza e apoie expresamente a defensa da iniciativa lexislativa para reclamar a transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza, nos termos aprobados polo Parlamento de Galiza. Ademáis, para expresar o rexeitamento a que unilateralmente e sen xustificación, dun xeito totalmente arbitrario e despectivo cara á principal institución representativa de Galiza, mesmo se impoña un veto ao seu debate e tramitación nas Cortes Xerais. Polo tanto, tamén estamos a reclamar que se garanta un elemental dereito democrático por parte do Goberno Central, a que unha iniciativa de tanta importancia para Galiza sexa debatida e sometida á consideración do Congreso e do Senado, non simplemente a ser arquivada sen ter a oportunidade de a poder facer valer.

Por todo iso, o Pleno da Corporación Municipal de Bueu

ACORDA:

- 1. Instar ao Goberno Central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, aprobada por unanimidade no Parlamento de Galiza.*
- 2. Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos consensuados no Parlamento de Galiza.*



3. *Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á Banca e ás construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP-9.*
4. *Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes Xerais, ademáis do Goberno Central e Presidenta do Congreso dos Deputados."*

Remata dicindo que a exposición de motivos está suficientemente clara na moción. Primeiro, rexeitar contundentemente que non se tivera tratado unha iniciativa que xurde no corazón do Parlamento Galego por unanimidade; entendemos que non lle convén ó Estado neste caso a transferencia ó noso país, por canto está a tapar buratos doutras infraestruturas que se levaron a cabo no resto do Estado, tratándose dunha autoestrada que está totalmente amortizada e está xerando uns beneficios altos a conta do peto de tódolos galegos, servindo para salvar outras infraestruturas ruinosas do resto do Estado. Entendemos que temos dereito a xestionar unha autoestrada que vertebra o noso país e tan importante para os usuarios. Importante para o tecido económico e a nivel de comunicación administrativa entre as distintas cidades importantes de Galiza, e dende a administración local debemos tamén defender os intereses dos usuarios e usuarias desta autoestrada.

Incidencias: Cando son as 21:25 horas, auséntase do Salón de Plenos o Concelleiro Sr. Villanueva González (SON) incorporándose as 21:27 minutos do expresado día.

De seguido, pola Alcaldía-Presidencia ábrese a conseguinte quenda de intervencións:

• **Sr. Santos Pires (PP):**

Nun principio poñeremos un pouco en antecedentes.

Cando estivemos na Comisión, o que comentamos e que se facían unhas aseveracións na parte expositiva da moción que entendíamos que deberían ser algo explicadas; por exemplo, o deterioro do servizo deficiente que presta a concesionaria, pois indicar un pouquiño esas deficiencias, e parece ser que o que non funcionaba ben eran as tarxetas de crédito e que en algúns tramos está intransitable. Paréceme correcto, e hai algún máis que eu engadiría a maiores; ou sexa, que o servizo non é todo eficiente que debería ser.

Preguntaba por este rescate de infraestruturas en Madrid, que datos tiñades, se tiñades moitos datos, si eran moitos cartos, e ninguén soubo darme unha pequena explicación, e agora o que me sorprende e que o Sr. Villanueva Pastoriza manifeste que os cartos que saca a maiores a autoestrada en Galiza, se utilice para pagar os desfalcos que hai en Madrid; non sabía que a empresa era a concesionaria que había alí, nin que se utilizaran os cartos dese xeito. Paréceme unha barbaridade, pero como no o coñezo pode ser certo, pero non é o motivo da moción.

Se o fondo da moción está claro porque xa o aprobaron os nosos xefes no Parlamento de Galiza por unanimidade, creo que desfacer o consenso aquí non sería correcto.

Explicome: en Santiago non tiveron ningún tipo de problema para separar o que o tema do rescate da autoestrada do que é a petición da competencia, e téñeno totalmente separado, e nos aquí en Bueu estamos cambiándoo.

Non ten nada que ver o rescate da autopista con tema de que nos pasen a competencia. Creo que no que están de acordo eles e estamos de acordo nos e que nos pasen a competencia e nos xa seremos libres de rescatala ou non.

Estariamos de acordo completamente cos puntos 1º, 2º e 4º, cun matiz: que en lugar de moción se fixera como declaración institucional do Concello de Bueu, por entende que



tería máis transcendencia, e na Comisión non foi aceptado.

Para rescatar haberá que poñer os cartos dalgún sitio ¿que proposta fan vdes. do rescate?, aparte da iluminada que figura na moción que dí que a forma de rescatar a autopista sería que si un ano todos deixamos de utilizar a autopista, os ingresos van caer e de aí rescatámola con poucos cartos. Ou sexa, votamos un ano sen utilizar a autopista para que nos custe menos rescatala.

Si somos capaces retirar e separar que é o que fixeron os nosos superiores en Santiago, e deixa-lo tema de traspaso da competencia da autoestrada da AP-9 para Galiza, logo seríanos moito máis fácil que se rompemos a unanimidade e empezamos a votar cousas independentes.

- **Sr. Villanueva González (SON):**

Eu non teño xefe en Santiago; son de ACB-SON soamente somos de Bueu “Atención Ciudadán de Bueu”, non teño líderes nin xefes en Santiago.

Estou a favor da proposta do BNG; non cambiaría un ápice porque estou a favor do rescate pero xa, por canto está máis que amortizada, como así tamén estou a favor do rescate do Cunqueiro, como así tamén lle dou “leña” ao Sr. Alcalde co rescate da Recadación dos impostos do Concello, como así tamén estou a favor do rescate do servizo de auga. Todo que sexa rescatar para ser público encántame.

Non cambiaría nada desa moción; gustaríame que foxe por consenso, por suposto, e si no Parlamento Galego falouse por consenso solo o da transferencia das competencias; a ver si o Sr. Feijoo e compañía empeza a pedir outras transferencias que son moi necesarias, non so a AP-9 para logo podela vender el a outro.

Que pida a Garda Civil, que pida Tráfico, máis competencias en Traballo, que pida máis competencias en todo, porque dende a época de D. Manuel Fraga, aquí non se pide nada, somos un subbarrio do Estado Español.

Votaría a moción tal e como está.

- **Sr. Alcalde-Presidente:**

O Sr. Villanueva González tamén demostra esa forma diferente de entender a participación nunha organización política. Igual ca el, eu non teño xefes; un forma parte dunha organización política, non digo nin mellor nin peor, senón diferente.

O servizo de auga segue a ser municipal e público; está privatizado dende o ano 2000, e o servizo de Xestión Tributaria é Municipal, estando externalizado, que non é mesmo, que son conceptos diferentes, sendo unha xestión indirecta a través dun contrato de servizo. Son matices importantes que hai que ter en conta.

En todo caso no une efectivamente a defensa do público mo tal, dos sectores públicos e dos servizos públicos, que é o máis importante, tendo que render contas á cidadanía dos servizos públicos que en ocasións non estamos a prestar de forma adecuada ou correcta.

En relación coa moción, hai algunha cuestión que se está a pasar por alto: Cando aquí manifestamos e afirmamos que cos cartos neste caso que se recadan da AP-9 se está a rescatar outras autoestradas, non temos a cifra exacta, é certo, pero si o que é certo e que fai aproximadamente dous anos foi renovada a concesión da AP-9; e dicir, nese momento non había que rescatar nada, simplemente non prorrogar a concesión. Iso estivo nas nosas mans como gobernantes (nas mans dos nosos xefes si queremos dicilo así). Non teríamos que rescatar nada porque realmente ese prazo da concesión expirou.

O que si é certo e que a renovación desa concesión permite que o Estado recade a través do cánon correspondente, e tamén é certo que o rescate desas autoestradas se está financiando con cargos públicos; o que nos non entendemos é que si aquí estaba totalmente amortizado o investimento inicial, porqué non se toma a decisión, no seu momento, fai uns dous anos, de non prorrogar a concesión e, polo tanto, liberaríamos de



peaxe esa AP-9.

Por tanto, neste momento se están utilizando cartos públicos, polo tanto eses tamén, para rescatar outras concesións deficitarias. Esa e a nosa principal queixa, e sobre todo, tamén ten unha parte política porque entendemos que o que nace do consenso político do Parlamento de Galiza cando menos deberíase respectar en Madrid e non mostrar esa desconformidade como amosou neste caso o Goberno Central.

- **Sr. Santos Pires (PP):**

A actual reforma na Ponte de Rande a está a pagar a concesionaria, non o Estado.

- **Sr. Alcalde-Presidente:**

Obviamente, pero pasou igual que cando se privatizou o servizo municipal de augas: entre o que prometen e o que finalmente consigues que fagan e o que poden acreditar e si se corresponde ou non co que inicialmente se comprometen, é moi complicado.

Igual pasou co Cunqueiro: algo que custaba cento e pico ou douscentos millóns, ó mellor se multiplica por dous ou por tres.

Non producíndose máis intervencións, o Sr. Alcalde somete votación ordinaria, nominal e amanalzada a moción presentada polo seu grupo do BNG de Transferencia da AP-9, dándose o seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

- ✓ Votos a favor: 11 (9 dos membros presentes do BNG, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de SON)
- ✓ Votos en contra: 0
- ✓ Abstencións: 3 (dos representantes do GPM do PP.)

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por maioría absoluta dos membros presentes, acorda prestar aprobación á moción presentada polo grupo municipal do BNG con data 20/10/16 (RE 7398), sobre Transferencia da AP-9, dispoñendo en consecuencia:

1. Instar ao Goberno Central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da "Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza", aprobada por unanimidade no Parlamento de Galiza.
2. Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos consensuados no Parlamento de Galiza.
3. Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á Banca e ás construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP-9.
4. Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes Xerais, ademais do Goberno Central e Presidenta do Congreso dos Deputados.

9. DACIÓN CONTA DOS REPAROS DE LEGALIDADE FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL DENDE A DERRADEIRA SESIÓN ORDINARIA

Pola Presidencia enténdese dada conta dos reparos de legalidade formulados pola Intervención de Fondos do Concello dende a última sesión ordinaria que, xunto coa súa relación, estiveron a dispor dos Sres. Concelleiros dende a convocatoria da sesión, e que, de seguido, se relacionan:



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

nº	data	extracto do seu contido
646	28/09/16	Levantamento reparo e aprobación nóminas persoal mes de setembro
718	28/10/16	Levantamento reparo e aprobación nóminas persoal mes de outubro

Non producíndose intervención algunha, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal dos reparos de legalidade formulados pola Intervención Municipal dende a última sesión ordinaria.

10. DACIÓN CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA HABIDAS DENDE A DERRADEIRA SESIÓN ORDINARIA

Pola Presidencia dáse conta das Resolucións da Alcaldía habidas dende a última sesión ordinaria que, xunto coa súa relación, estiveron a disposición dos Sres. Concelleiros dende a convocatoria da sesión, que de seguido se relacionan:

nº	data	extracto do seu contido
644	28/09/16	Aprobación liquidacións taxas Servizo Axuda no Fogar e Dependencia, mes de xullo
645	28/09/16	Aprobación gasto e orde pagamento anuncio BOP convocatoria contratación Monitores Deportivos
646	28/09/16	(con levantamento de reparo)
647	28/09/16	Convocatoria sesión plenaria 03/10/16
648	28/09/16	Aprobación Plan Seguridade e Saúde "Rehabilitación firme camiño de Chans"
649	28/09/16	Aprobación liquidación cota trimestral amortización e xuros BCLE
650	29/09/16	Aprobación liquidación cota trimestral amortización e xuros BBVA
651	29/09/16	Aprobación liquidación cota trimestral amortización e xuros BBVA
652	29/09/16	Aprobación liquidación cota trimestral amortización e xuros La Caixa
653	29/09/16	Aprobación liquidación cota trimestral amortización e xuros Banco Sabadell
654	30/09/16	Aprobación Plan Seguridade e Saúde "Pavimentación 4 camiños: As Meáns, Morada-Meiro, Sar-Cela e do Couto"
655	30/09/16	Aprobación gastos Seguridade Social mes de agosto
656	30/09/16	Convocatoria Xunta Goberno 03/10/16
657	30/09/16	Rectificación erro material R.A. de 30/08/16, aprobación gasto Seguridade Social mes de agosto
658	30/09/16	Aprobación liquidacións IIVTNU
659	30/09/16	Alta no servizo de Axuda no Fogar, de Inés Blázquez Sousa
660	03/10/16	Rectificación erro R.A. de 01/07/16, contratación Mª Belén Domínguez Martínez como peón limpeza
661	03/10/16	Aprobación liquidación conta trimestral operación tesourería Caixabank
662	03/10/16	Rectificación erro R.A. 635/16, aprobación lista provisional admitidos e excluídos proceso selectivo Xefe Negociado Secretaría
663	04/10/16	Cancelación aval Conservía, procedemento contratación "REforma Praza Abastos"
664	04/10/16	Prestación incapacidade permanente no grado de absoluta, de Mª Isabel Romay Fontán
665	05/10/16	Inscripción no Rexistro de Parellas de Unións de Feito, de Carolina Padrón Agulla xunto con Ramón Villar Lorenzo
666	05/10/16	Aprobación listaxe definitivo admitidos e excluídos proceso selectivo Xefe Negociado de Secretaría
667	05/10/16	Concesión tarxeta estacionamento por discapacidade física, a Rufina Davila Martínez
668	07/10/16	Aprobación Cert. 1-Final e Acta Recepción obras "Pavimentación dous viais (acceso a Mourisca e Norte-Cividá)"
669	07/10/16	Desestimación recurso reposición FCC Aqualia, conta resolución expte. sancionador R/S35-15
670	07/10/16	Aprobación gasto e orde pagamento anuncio BOP, formalización contrato obra "Rehabilitación firme camiño de Chans"
671	08/10/16	Rectificación erro R.A. 666/16, aprobación lista definitiva admitidos e excluídos proceso selectivo Xefe Negociado de Secretaría
672	10/10/16	Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local Audax Energía, 3º T/16
673	11/10/16	Incoación procedemento incoación contrato "Servizo Axuda no Fogar"
674	11/10/16	Aprobación Cert. 1-Final "Rehabilitación firme camiño de Chans"
675	14/10/16	Aprobación expte. modificación créditos 20/16, transferencia 07/16, por unha contía de 100.000 €
676	14/10/16	Convocatoria Xunta Goberno 17/10/16
677	17/10/16	Aprobación gasto e recoñecemento obrigas taxa Portos Galicia, ocupación CSM, Praza Abastos e gastos ISM
678	17/10/17	Estimación recurso Jesús Bernárdez Pérez, liquidación costas procesais
679	17/10/16	Recoñecemento obrigas correspondentes á relación de facturas núm. 22/16, por unha contía global de 9.985 €
680	17/10/16	Aprobación gasto e orde pagamento relación facturas 03/16, por unha contía global de 9.000 €
681	18/10/16	Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local Orange Espagne, 3º T/16
682	18/10/16	Aprobación conta xustificativa subvención promoción do uso da lingua galega



683	18/10/16	Transferencia ó IMD para pagamento relación facturas 03/16 Club do Mar Bueu, por unha contía de 9.000 €
684	19/10/16	Aprobación conta xustificativa subvención para promoción da información xuvenil
685	19/10/16	Aprobación conta xustificativa subvención para dotación de novidades editoriais en galego
686	19/10/16	Aprobación lista provisional admitidos e excluídos proceso selectivo Monitores Deportivos
687	19/10/16	Designación persoal colaborador desenvolvemento 1ª proba proceso selectivo Xefe Negociado de Secretaría
688	20/10/16	Remate relación laboral Auxiliares Policía Local, Verónica Roel Otero e 5 máis
689	20/10/16	Remate relación laboral con Beatriz Otero Abalde, como peón limpeza
690	20/10/16	Aprobación conta xustificativa subvencións proxecto equipamentos térmicos de biomasa
691	20/10/16	Concesión vado permanente a Eloísa Míguez León, na Praia de Beluso
692	20/10/16	Concesión vado permanente a David Álvarez Fontán, en Sar
693	20/10/16	Fraccionamento débeda a Manuel Martínez Brión
694	20/10/16	Fraccionamento débeda a Carmen Otero Patiño
695	20/10/16	Fraccionamento débeda a Centro de Fisioterapia Nove S.L.
696	20/10/16	Fraccionamento débeda a José Gabriel Pereira Fernández
697	20/10/16	Fraccionamento débeda a Mª Montserrat García Comedeiro
698	20/10/16	Fraccionamento débeda a Graciano Hermelo Calvar
699	21/10/16	Aprobación liquidación taxas Servizos Axuda no Fogar e Dependencia, mes agosto
700	21/10/16	Contratación temporal de Mª Nieves Vilas Piñeiro, como Auxiliar Biblioteca
701	21/10/16	Incoación procedemento contrato obra "Execución espazo exterior para mercado tradicional na Avda. M. Ríos"
702	24/10/16	Aprobación liquidación taxas servizos Axuda no Fogar mes setembro, e Dependencia mes agosto
703	24/10/16	Autorización celebración voda civil a Mª Dolores Pazos Soage
704	24/10/16	Designación encargada realización funcións coordinación coa SXI
705	25/10/16	Corrección erro R.A. de 24/10/16, aprobación liquidación taxas servizos Axuda no Fogar e Dependencia mes setembro
706	25/10/16	Aprobación lista definitiva admitidos e data exame proceso selectivo contratación 3 Monitores Deportivos
707	26/10/16	Aprobación conta xustificativa subvención Axencia Turismo de Galicia para promoción festas declaradas de interese turístico de Galicia
708	26/10/16	Aprobación liquidacións taxas venda mercadillo 1º e 2º T/16
709	27/10/16	Fraccionamento débeda, Rosa Iglesias Otero
710	27/10/16	Aprobación expte. modificación créditos 21/16, transferencia 8/16, por unha contía de 2.000 €
711	27/10/16	Remate relación laboral con Raquel Otero Rea e dous máis
712	27/10/17	Remate relación laboral con María Álvarez Ave e dúas máis, como Auxiliares Administrativos
713	28/10/16	Solicitude subvención á Deputación, para o Sendeiro Azul de Cabo Udra
714	28/10/16	Solicitude autorización á Deputación para emprego baixa Reparación e melloras Pavillón P. Herbelo e Troco material cuberta Nave Deportes Náuticos, na execución da obra fachada Nave Deportes Náuticos e Adecuación interior Pavillón Municipal de Deportes
715	28/10/16	Aprobación expte. modificación créditos 22/16, transferencia 09/16, por unha contía de 5.300 €
716	28/10/16	Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local 3º T/16
717	28/10/16	Contratación de Mª José Novas Domínguez e Lidia Mª González Sánchez como peóns limpeza
718	28/10/16	(con levantamento de reparo)

Non producéndose intervención algunha, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal das Resolucións da Alcaldía habidas dende a última sesión ordinaria.

11. ASUNTOS URXENTES. MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE BUEU PARA RETIRADA DE SÍMBOLOS FRANQUISTAS

O Sr. Alcalde sinala que a presente moción ten orixe nun escrito presentado pola Asociación de Amigos de Johan Carballeira con data 17 de abril de 2015, sendo culpa do goberno non ter impulsada antes a súa tramitación, polo que queda xustificada a urxencia dado o tempo transcorrido.

DECLARACIÓN DA URXENCIA:

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos 14 membros presentes (9 do BNG, 3 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de SON), declara a urxencia do asunto en cuestión.

De seguido, pola Alcaldía-Presidencia dáse lectura á moción conxunta dos grupos



municipais de Bueu, que literalmente di:

“MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE BUEU PARA RETIRADA DE SÍMBOLOS FRANQUISTAS.

Á vista dunha petición presentada o 19 de xuño de 2015 e número de rexistro 4796 pola Asociación de Amigos de Johán Carballeira, no nome do seu presidente Manuel Antón Mosteiro García, na que se solicitaba levar ao pleno deste concello varias peticións relacionadas coa retirada dos símbolos franquistas nos espazos públicos do Concello de Bueu, e tras a Xunta de Voceiros celebrada o 20 de outubro de 2016, os voceiros dos grupos municipais do BNG, PP, PSOE e ACB-SON acordamos a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De acordo co disposto na Lei 52/2007 (publicada no BOE núm. 319 de 27 de decembro), pola que se recoñecen e amplían os dereitos e se establecen medidas a favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a posterior ditadura, que establece a obrigatoriedade das institucións privadas, entre elas a Igrexa Católica, para facer desaparecer dos espazos públicos toda a simboloxía relacionada coa ditadura franquista, a Asociación de Amigos de Johán Carballeira presentou o 17 de abril de 2015 un escrito solicitando da igrexa a retirada dos muros das igrexas de Santa María de Cela, Santa María de Beluso e San Martiño de Bueu, a exaltación do golpe de estado e da figura de José Antonio Primo de Rivera, fundador da Falange Española. Xa que ademais de supoñer unha agresión contra o noso patrimonio arquitectónico, tamén supoñen apoloxía do fascismo e un atentado contra a integridade de todas as familias, veciños e veciñas que sufriron a represión e que lembran o seu calvario e o dos seus familiares. Dado que non obtiveron resposta pos parte da Igrexa despois de dous meses da entrega da súa solicitude, e tendo en conta o papl que debe ter o Concello de velar pola preservación do noso patrimonio, que neste caso leva sendo agredido desde hai moitos anos coas actuacións realizadas sobre eles, dirixiron unha proposta a este Concello e que desde esta Corporación apoiamos.

ACORDOS:

Por todo iso, a Corporación deste Concello de Bueu, acorda:

- Manifestar o desacordo coa presenza de símbolos franquistas de calquera natureza no Concello e a agresión sufrida por tres monumentos históricos como son as Igrexas de Santa María de Cela, Santa María de Beluso e San Martiño de Bueu.
- Trasladar á Delegación Provincial de Patrimonio, entidade responsable de velar polo respecto polo patrimonio do noso Concello, da solicitude de iniciar expediente de restauración das citadas igrexas das agresións sufridas, posto que polas características dos edificios supoñen un atentado contra o patrimonio cultural e unha agresión contra os mesmos a introdución destes elementos que agriden monumentos históricos. Especialmente grave é o sufrido pola igrexa de Beluso cun mural de cemento de grandes dimensións pegado na parede lateral.
- Comunicar á Igrexa a solicitude de restitución da situación inicial nas igrexas de Santa María de Cela, Santa María de Beluso e San Martiño de Bueu, todas elas monumentos de carácter histórico que sufriron a agresión que supón a implementación nelas de elementos agresivos para as edificacións. Así mesmo, trasladar a eliminación dos vestixios de todo aquilo que fracturou a sociedade en dous bandos enfrontados.”

Rematada a lectura, continúa o Sr. Alcalde dicindo:

En principio, esa autocrítica na tardanza na tramitación, e sempre dentro do marco do



respecto que considera debe existir sempre, especialmente dende a institución municipal cara a todas as entidades, máis aló das cuestións puramente legais, que a quen lle correspondente neste caso ese control de legalidade, tal é como presenta a Asociación a través do seu escrito, correspóndelle cando menos ese primeiro control á Dirección Xeral de Patrimonio, sobre a legalidade ou non da conservación de todos ou dalgún deses símbolos franquistas na fachada destas tres igrexas, entendemos que máis aló do que é esa declaración de vontade por parte da Corporación Municipal, non somos quen para esixir, tal como se entendía no escrito inicial que presenta a Asociación, senón que dende aquí apelamos á Igrexa para que sexa sensible tamén a esta petición, a esta demanda que presenta esta Asociación, que ten a voz tamén a través da Corporación Municipal, e, en todo caso deberá ser a Igrexa a que máis aló das cuestións puramente legais e, de habelas, os organismos competentes son os que teñen que actuar e dende aquí tamén daremos traslado a Patrimonio quen deberá determinar como restablecer a imaxe da propia igrexa que no seu momento foi motivo dunha ferida, por canto existen sobre a fachada delas unha relación de persoas que pertencen a un bando claramente e se omitiron as persoas que no seu momento formaron parte doutro bando, sen que iso presupoña nin que os que non están quixeran estar, nin tampouco que os que queiran manterse nesas fachadas si legalmente é posible e non atenta contra a lexislación da memoria histórica, de conservalos; pero entendemos que, apelando a esa sensibilidade da Igrexa, o conveniente sería buscar un espazo alternativo e non fachadas, para que calquera vestixio que poida haber aínda de vez en cando se reproduzan debates como o que hoxe estamos trasladando aquí a este plenario, que unha vez por todas desapareza.

- **Sr. Santos Pires (PP):**

Á Asociación que lle parece a modificación que facemos dende o Concello?
Parécelle ben? Cumpre os seus obxectivos?

- **Sr. Alcalde-Presidente:**

A modificación é este pequeno engadido; o resto é practicamente literalmente deles.
Pois non falamos con eles, ao entender que non eliminamos nada do que propoñen.

- **Sra. Pérez Hernández (PP):**

Simplemente manifestar o noso apoio, e así o fixemos na Xunta de Voceiros.
Falando de engadir, queríamos aproveitar a posibilidade de engadir no 1º punto, tal cal está, engadindo *“deixando clara a nosa repulsa ante calquera tipo de ditadura pasada, presente ou futura”*.

- **Sr. Alcalde-Presidente:**

Por parte do noso grupo non ten inconveniente algún en absoluto, pero entende que si altera un pouco o que é o contido do propio escrito da Asociación; aí si nos apartamos un pouco.

- **Sr. Vilas Patoriza (PSdeG-PSOE):**

Xa tivemos unha Comisión para iso; acordouse unha cousa, podería haberse acordado esa; non é que non estea de acordo, pero debería facerse na Comisión non agora.

- **Sra. Pérez Hernández (PP):**

Nos somos tres no grupo e teño que falalo con eles.

- **Alcalde-Presidente:**

Igual o próximo ano pode haber algunha efeméride que sexa interesante resaltar e que



de a lugar tamén a unha declaración institucional e que poidamos darlle cabida aí a o que acaba de comentar a Voceira, se lle parece. Sería o 80º Cabodano do fusilamento de Johan Carballeira, se non me equivoco. Supoño que se fará algo a nivel institucional, pode ser o momento para que poidamos consensuar unha proposta institucional.

- **Sra. Pérez Hernández (PP):**

Simplemente quería aproveitar a situación, por canto foi falado cos meus compañeiros logo da Xunta de Voceiros.

- **Sr. Villanueva González (SON):**

Estamos de acordo en que non queremos totalitarismos nin fascismos nin cousas desas; pero neste caso estou de acordo co Sr. Alcalde. Tamén na Comisión fixen unha proposta en canto os nomes, que se non deixan retirar os que hai, agregar os outros. Se Patrimonio permite unha agresión eu vou agredir máis. Díxeno na Xunta de Voceiros pero no trouxen aquí para non cambiar neste momento o sentido do que era a solicitude da Asociación de Amigos de Johán Carballeira que xa bastante lle trastocamos co último parágrafo.

Se se pode cambiar a moción, encantando de ir alí e pintar o nome dos que caeron pola República.

- **Sr. Eirea Eiras (BNG):**

Si se abre o abanico de emendas, entende que daría lugar a máis dun problema.

Rematado o capítulo de intervencións, o Sr. Alcalde somete votación ordinaria, nominal e a amanalzada da moción conxunta presentada polos grupos municipais do BNG, PP, PSdeG-PSOE e SON, en canto á retirada de símbolos franquistas, dándose o seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

- ✓ Votos a favor: 14 (da totalidade dos membros presentes: BNG (9), PP (3), PSdeG-PSOE (1) e SON (1)
- ✓ Votos en contra: 0
- ✓ Abstencións: 0

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda prestar aprobación á moción conxunta presentada polos grupos políticos municipais do BNG, PP, PSdeG-PSOE e son, dispoñendo en consecuencia:

- Manifestar o desacordo coa presenza de símbolos franquistas de calquera natureza no Concello e a agresión sufrida por tres monumentos históricos como son as Igrexas de Santa María de Cela, Santa María de Beluso e San Martiño de Bueu.
- Trasladar á Delegación Provincial de Patrimonio, entidade responsable de velar polo respecto polo patrimonio do noso Concello, da solicitude de iniciar expediente de restauración das citadas igrexas das agresións sufridas, posto que polas características dos edificios supoñen un atentado contra o patrimonio cultural e unha agresión contra os mesmos a introdución destes elementos que agriden monumentos históricos. Especialmente grave é o sufrido pola igrexa de Beluso cun mural de cemento de grandes dimensións pegado na parede lateral.
- Comunicar á Igrexa a solicitude de restitución da situación inicial nas igrexas de Santa María de Cela, Santa María de Beluso e San Martiño de Bueu, todas elas monumentos de carácter histórico que sufriron a agresión que supón a implementación nelas de



elementos agresivos para as edificacións. Así mesmo, trasladar a eliminación dos vestixios de todo aquilo que fracturou a sociedade en dous bandos enfrontados.

12. ROGOS E PREGUNTAS

◆ Sr. Villanueva González (SON):

- O Plan de Usos Portuarios atópase en exposición pública. Gustaríalle propor unha moción conxunta de tódolos grupos municipais no senso de que, conforme nos pasa a nos o cánon das festas, mercados, etc., nos teríamos que pasarlle a facturación duns xardíns tan bonitos. Vexo que os empregados municipais están a traballar neles, senón que veñan os gardamuellas e collan un fouciño e lle vaian dando.

• Sr. Alcalde-Presidente:

Xa había algunha moción nese senso; habería que retomala.

◆ Sr. Villanueva González (SON):

- Outro tema e que varios veciños de Bueu, fálame de que hai unha proliferación de ratas polo casco de Bueu (eu mesmo vin dúas na Banda do Río), en concreto en E. Vincenti, Pazos Fontenla e pola zona de abaixo tamén. Pregunto se se está desratizando, como se fai e que periodicidade ten, se hai unha empresa contratada ou se fai polo persoal municipal.

• Sr. Alcalde-Presidente:

Pódese solicitar da empresa que faga un informe das distintas zonas. Hai veces que si desborda un colector surxen as ratas.

• Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):

Hai unha casa en E. Vincenti e outra en Matilde Bares ás que debería requirirse unha orde de limpeza e ornato.

• Sr. Alcalde-Presidente:

Existen zonas con regatos interiores que poden potenciar esta situación.

• Sr. Santos Pires (PP):

Usos Portuarios, en canto o espazo existente entre o CSM e a Praza onde colocaban as carpas de propaganda electoral, díxeronlle que era do Concello, que non se lle pedira autorización a Portos; eu vexo que está todo en azul.

• Sr. Alcalde-Presidente:

Trátase dunha concesión administrativa.

◆ Sra. Otero González (PP):

- Días pasados envielle ó Sr. Castro Quiroga (que non está presente) unhas fotos da zona da Banda do Río, onde non existen papeleiras e atópase chea de papeis; logo agradecería a reposición das papeleiras que tiraron na pista.
- Por outra banda, temos un problema coa iluminación en M. Ríos, logo do Estanco.

• Sr. Alcalde-Presidente:

O problema xa está resolto. A través dunha empresa foi localizado o motivo, derivado de varias obras de canalización ou infraestruturas. Polo que se refire ás papeleiras, foi debido a actos vandálicos; excrementos de animais,



usuarios que as utilizan mal como colectores de lixo (trátase de pequenos residuos, non de bolsas da lixo da casa)

◆ **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

- Asfaltado en Meiro. Desapareceu un rego na zona das Moradas pola obra de asfaltado, debendo repoñerse mediante a instalación dun entubado ou similar.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Toma nota.

• **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Trátase dun rego entre fincas, pero era municipal. Tamén veuse afectado o muro que vai pola Biblioteca e polo vial de abaixo hai un muro que ameaza derrube.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Se estudará para solucionar-lo problema.

◆ **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Está rematado o saneamento da Casela?

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Atópase pendente dun último informe de Aqualia.

◆ **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Veño de observar que veciños traballan nas obras municipais, incluso estando unha pala traballando, entendendo que o Concello non debe consentir. Corren un risco ata que haxa unha desgraza, logo todo son responsabilidades.

◆ **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Estivo días pasados na Biblioteca de Beluso, e a bibliotecaria comentoulle que non dispoñía de Internet.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Haberá que comunicarllo á empresa informática para solucionar o problema.

E non habendo outros asuntos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión cando son as vinte e dúas horas e vinte minutos, de todo o que, en canto secretaria xeral da Corporación, dou fe.

(documento asinado electrónicamente ao marxe)